

**PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA DO
DEPARTAMENTO DE LINGUA CASTELÁ E LITERATURA
(2º e 4º DE ESO)
CURSO 2022/2023**

MEMBROS DO DEPARTAMENTO:

ZAIDA PATIÑO PALLEIRO

ZELTIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ

EVA M^a COUCE COBA

ÍNDICE

- 1.- INTRODUCCIÓN E CONTEXTUALIZACIÓN (páx. 3)
- 2.- CONTRIBUCIÓN AO DESEÑO DAS COMPETENCIAS CLAVE E CONCRECIÓN DOS OBXECTIVOS (páx. 6)
- 3.- CONTIDOS, CRITERIOS DE AVALIACIÓN, COMPETENCIAS CLAVE E ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE TEMPORALIZADOS (páx. 22)
- 4.- CONTIDOS MÍNIMOS (páx. 166)
- 5.- INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DE ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE RELACIONADOS CON CRITERIOS DE AVALIACIÓN, ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE E COMPETENCIAS CLAVE (páx. 167)
- 6.- PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN (páx. 169)
- 7.- CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN, CALIFICACIÓN E PROMOCIÓN (páx. 172)
- 8.- CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS QUE REQUIRE A MATERIA (páx. 176)
- 9.- MATERIAIS E RECURSOS (páx. 179)
- 10.- ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES (páx. 180)
- 11.- DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS (páx. 182)
- 12.- MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE (páx. 183)
- 13.- CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN (páx. 192)
- 14.- ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES PROGRAMADAS (páx. 194)
- 15.- MECANISMOS DE REVISIÓN, AVALIACIÓN E MODIFICACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA (páx. 194)

1.- Introducción e contextualización:

Esta programación está fundamentada no establecido no Real Decreto 126/2014 do Ministerio de Educación, Cultura e Deporte, de 28 de febreiro, polo que se establece o currículo básico da Educación Secundaria Obrigatoria, e no Decreto 86/2015, da Consellería de Educación de Galicia pola que se establece o Currículo de Educación Secundaria Obrigatoria para esta Comunidade.

O noso Proxecto propón un modelo de ensino-aprendizaxe comprensivo que se enmarca dentro do paradigma da educación universal (global ou integral) que debe preparar todos os cidadáns para ter éxito na vida, a través da adquisición e o desenvolvemento das Competencias Clave. Este modelo segue as directrices dos distintos estudos promovidos por instancias nacionais e internacionais, entre os cales destaca o proxecto DeSeCo da OCDE, o informe Eurydice e o programa PISA.

Entendemos que a función do ensino é facilitar a aprendizaxe dos alumnos e das alumnas, axudánoos a construír, adquirir e desenvolver as Competencias Clave que lles permitan integrarse na sociedade do coñecemento e enfrontar os continuos cambios que impoñen en todas as ordes da nosa vida os rápidos avances científicos e a nova economía global.

Por competencias enténdese, nun sentido amplo, a concatenación de saberes que artellan unha concepción do ser, do saber, saber facer e saber convivir, tal e como se indica no informe da Unesco da Comisión Internacional sobre a educación para o século XXI (Delors, 1996).

A inclusión das competencias clave no currículo ten como finalidade que os alumnos e as alumnas: a) poidan facer posible o pleno exercicio da cidadanía no marco da sociedade de referencia; b) constrúan un proxecto de vida satisfactorio; c) acaden un desenvolvemento persoal emocional e afectivo equilibrado; e d) accedan a outros procesos educativos e formativos posteriores con garantías de éxito.

Nunha sociedade en constante cambio as demandas que ten un individuo varían dunha situación a outra e dun momento a outro. Por este motivo defendemos un modelo de competencia holístico, dinámico e funcional que xorde da combinación de habilidades prácticas, coñecementos (incluíndo o coñecemento tácito), motivación, valores éticos, actitudes, emocións e outras compoñentes sociais e de comportamento que se mobilizan conxuntamente para lograr unha acción eficaz.

Ser competente, desde este enfoque, significa ser capaz de activar e utilizar ante un problema o coñecemento que o alumno ou a alumna ten. Esta concepción está alineada cos principios da aprendizaxe significativa e funcional das teorías construtivistas (p.e. Ausubel et al.,1978).

Só a partir destas premisas pensamos que é posible a aplicación dun dos eixes fundamentais da Programación Didáctica: a funcionalidade das aprendizaxes. Por aprendizaxe funcional entendemos que as competencias poidan ser aplicadas e transferidas a situacións e contextos diferentes para lograr diversos obxectivos, resolver diferentes tipos de problemas e levar a cabo diferentes tipos de tarefas.

A esta funcionalidade cabe darlle outra dimensión: que os alumnos e alumnas aprendan a aprender. Un aprendiz competente é aquel que coñece e regula os seus procesos de construción do coñecemento, tanto desde o punto de vista cognitivo como emocional, e pode facer un uso estratéxico dos seus coñecementos, axustándoos ás circunstancias específicas do problema ao que se enfronta (Bruer, 1993).

A eficacia destes principios quedaría incompleta se non foramos capaces de presentar os contidos das diferentes materias de forma articulada para facilitar o proceso de aprendizaxe e o desenvolvemento das Competencias Clave a través dos Estándares de aprendizaxe fixados para cada materia.

Tendo en conta que cada unha das áreas contribúe ao desenvolvemento de diferentes competencias e, ao mesmo tempo, cada unha das competencias se alcanzará como consecuencia do traballo en varias áreas ou

materias, a Programación Didáctica adopta unha perspectiva globalizadora á vez que pon a atención naquelas aprendizaxes que se consideran imprescindibles desde unha formulación integradora e orientada á aplicación dos saberes adquiridos.

Así, a aprendizaxe das competencias clave, aínda que vai ligada ás áreas de coñecemento e aos estándares de aprendizaxe fixados nelas, é global e adquirírase a partir da súa contextualización en situacións reais e próximas ao alumno para que poida integrar diferentes aprendizaxes, tanto as formais, como as informais e non formais, e utilízalas de forma efectiva cando lle resulten necesarias en diferentes situacións e contextos.

Nesta liña quixemos incidir con especial énfase na relación dos contidos e materiais tratados ao longo da nosa Programación Didáctica coas novas realidades tecnolóxicas tan próximas e atractivas para o alumnado.

A aplicación ou desenvolvemento dos coñecementos tratados na materia dentro de ámbitos como a Internet, o uso de soportes informáticos ou a análise da información transmitida por medios audiovisuais... constitúense como un elemento gratificante e motivador á vez que nunha aprendizaxe imprescindible para a adaptación do alumnado a futuras incorporacións a distintos ámbitos académicos ou laborais.

Se ao que antecede lle engadimos a presenza duns contidos que por especial importancia na nosa sociedade deben impregnar moitas das actividades de aprendizaxe así como o interese por fomentar a capacidade do alumno para regular o seu propio proceso de aprendizaxe e seguir aprendendo ao longo da vida, teremos os piares sobre os cales elaboramos a presente Programación Didáctica.

A Lei Orgánica para a Mellora da Calidade Educativa (LOMCE) xorde como resposta a unha serie de retos educativos aos que se pretende dar resposta coa consecución dos seguintes obxectivos:

PRINCIPAIS RETOS EDUCATIVOS	OBXECTIVOS DA LOMCE
<ul style="list-style-type: none"> – Elevadas taxas de abandono escolar temperán. – Baixo nivel formativo en relación cos estándares internacionais (PISA, ...). – Reducido número de alumnos que acada a excelencia. – Inadecuación do sistema educativo ante as novas demandas de formación. 	<ul style="list-style-type: none"> – Encauzar os estudantes cara a traxectorias adecuadas ás súas potencialidades. – Mellorar os resultados aumentando o número de titulados da ESO. – Elevar os niveis de educación e aumentar o número de alumnos excelentes. – Mellorar a empregabilidade e estimular o espírito emprendedor do alumnado.

Para lograr estes obxectivos a LOMCE centra a súa atención na modificación dos seguintes aspectos do Sistema Educativo:

- **Racionalización da oferta educativa.** O currículo simplifícase coa priorización das materias troncais para adquirir as competencias educativas.
- **Flexibilización das traxectorias educativas.** Establecemento de diferentes itinerarios educativos a partir da ESO.
- **Autonomía dos centros educativos.** Permitirá tomar decisións para mellorar a oferta educativa e suporá a rendición de contas dos resultados obtidos.
- **Reforzo da capacidade de xestión da dirección dos centros.** Os directores asumirán o liderado pedagóxico e de xestión.
- **Implantación de avaliacións externas.** Estas levaranse a cabo ao finalizar cada etapa educativa: 6º Curso de Primaria, 4º curso de ESO e 2º curso de Bacharelato.

Ademais, a LOMCE define tres novos ámbitos de actuación que incidirán especialmente na transformación do noso sistema educativo:

- **A incorporación xeralizada das Tecnoloxías da Información e Comunicación (TIC).** A través das TIC facilitarase a personalización da educación.
- **O fomento do plurilingüismo.** Fixado pola Unión Europea, lograrase pola incorporación no currículo dunha segunda lingua estranxeira.
- **A modernización da Formación Profesional.** Adaptarase ás novas esixencias dos sectores produtivos e implicaranse as empresas na formación.

Seguindo as recomendacións das institucións europeas a LOMCE incorpora a educación cívica e constitucional como contido transversal en todas as materias da educación básica. O obxectivo é transmitir e pór en práctica valores como a liberdade individual, a responsabilidade, a cidadanía democrática, a solidariedade, a tolerancia ou a igualdade.

Para levar a cabo todos os ámbitos de actuación detallados, cóncíbese a LOMCE como unha lei orgánica que só modifica parcialmente a previa Lei Orgánica de Educación (LOE) do ano 2006. Neste sentido, e polo que se refire aos **principios** que inspíran o Sistema Educativo Español, incorporáronse os seguintes:

- **A equidade e a igualdade de dereitos e oportunidades** que garantan o pleno desenvolvemento da personalidade do alumnado a través da educación.
- O recoñecemento dos **proxenitores e titores como primeiros responsables** da educación dos seus fillos.
- **A educación para a prevención e resolución pacífica de conflitos**, así como o fomento da non violencia e a prevención do acoso escolar.
- O desenvolvemento de valores que fomenten a **igualdade efectiva entre homes e mulleres** e que axuden a previr a violencia de xénero.
- **A liberdade de ensino**, que lles recoñece ás familias a elección do tipo de educación e a selección do centro educativo.

Para garantir o desenvolvemento destes principios defínese o Sistema Educativo como o conxunto de Administracións educativas, profesionais da educación e outros axentes, públicos e privados, que desenvolven funcións de regulación, de financiamento ou de prestación de servizos para o exercicio do dereito á educación en España.

Ademais establécense os órganos de participación da comunidade educativa na programación e asesoramento do goberno.

A LOMCE modifica os elementos que compoñen o currículo como regulador dos procesos de ensino e aprendizaxe para cada unha das etapas educativas.

Estes elementos pasan a ser os seguintes:

- Os **obxectivos** de cada ensino e etapa educativa.
- As **competencias** ou capacidades para aplicar os contidos de cada ensino e etapa educativa.
- Os **contidos**, ou conxuntos de coñecementos, habilidades, destrezas e actitudes que contribúen ao logro dos obxectivos e á adquisición de competencias.
Os contidos ordénanse en **materias**, que se clasifican en materias, ámbitos, áreas e módulos en función das ensinanzas e as etapas educativas.
- Os **estándares e resultados de aprendizaxe avaliábeles**, que permiten definir os resultados das aprendizaxes en cada materia.
- Os **criterios de avaliación** do grao de adquisición das competencias e do logro dos obxectivos de cada ensino e etapa educativa.

Neste curso tivemos en conta para elaborar esta programación o DOGA do 27 de abril e as instrucións do 20 de xullo, así como toda a lexislación (como o Real Decreto-lei 31/2020, de 29 de setembro, polo que se adoptan medidas urxentes no ámbito da educación non universitaria) que ten que ver co desenvolvemento da pandemia que estamos a padecer.

En canto á **contextualización**, esta programación adáptase a un contexto moi concreto como é o do concello de Valdoviño, de carácter maioritariamente rural, pero moi próximo a núcleos urbanos importantes como son Ferrol ou Narón, cunha grande influencia en toda a comarca de Ferrolterra. O CPI Atios, concretamente, está situado na avenida San Sadurniño 19 de Valdoviño e acolle a uns 500 alumnos e alumnas tanto de Educación Infantil, como de Primaria e de Secundaria.

Para finalizar coa contextualización do centro, sinalaremos que, no caso da Educación Secundaria (ESO), á que nos referimos nesta programación, o centro conta cos seguintes grupos: 2 grupos no nivel de 1º ESO (47alumnos/as: 19-18), 3 grupos no nivel de 2º ESO (60 alumnos/as: 22-20-18), 3 grupos de 3º ESO _un deles de PDC_ (42 alumnos/as: 20-17-5) e 2 grupos de 4º ESO (51 alumnos/as: 27-24).

Na ESO hai moitas adaptacións curriculares, sobre todo en 2º, e alumnos con dislexia, TDAH, altas capacidades, síndrome de Asperger, trastorno pragmático... Do mesmo xeito no traballo diario tamén teremos en conta as dificultades familiares e emocionais. En 2º ESO hai 8 ACIS e 5 reforzos. En 4º ESO 2 reforzos.

O departamento está composto por Zaida Patiño Palleiro (que impartirá a materia de Lingua Castelá e Literatura en 3ºA e 3ºB de ESO; Educación Física en 1º A de ESO e Latín de 4º de ESO), Zeltia Rodríguez Rodríguez (que impartirá a materia de Lingua Castelá e Literatura en 1ºA e B e 2º de ESO) e como Xefa de departamento Eva Mª Couce Coba (profesora da asignatura de Lingua Castelá e Literatura en 4ºA e 4ºB de ESO e o Ámbito Sociolingüístico de 3ºC de PDC).

2.- Contribución ao desenrolo das competencias clave e concreción de obxectivos:

A) EDUCACIÓN SECUNDARIA OBRIGATORIA

OBXECTIVOS	COMPETENCIAS CLAVE
a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.	Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.	Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender

- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- Competencias sociais e cívicas.
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
Aprender a aprender
Comunicación lingüística.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- Competencias sociais e cívicas.
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- Comunicación lingüística.
Competencia dixital
Aprender a aprender.
Competencias sociais e cívicas.
- f) Concibir o coñecemento científico como un saber integrado, que se estrutura en materias, así como coñecer e aplicar os métodos para identificar os problemas en diversos campos do coñecemento e da experiencia.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía
Comunicación lingüística.
Aprender a aprender.
- g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.
- Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
Aprender a aprender.
- h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.
- Comunicación lingüística.
Conciencia e expresións culturais.
Competencias sociais e cívicas.
Aprender a aprender.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- Comunicación lingüística.
Conciencia e expresións culturais.
Competencias sociais e cívicas.
Aprender a aprender.
- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- Conciencia e expresións culturais.
Comunicación lingüística.
Competencias sociais e cívicas.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.

para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.

Competencias sociais e cívicas

n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.

Comunicación lingüística.
Conciencia e expresións culturais.
Competencias sociais e cívicas.
Aprender a aprender.

ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.

Comunicación lingüística.
Conciencia e expresións culturais.
Competencias sociais e cívicas.
Aprender a aprender.

o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

Comunicación lingüística.
Conciencia e expresións culturais.
Competencias sociais e cívicas.
Aprender a aprender.

OBXECTIVOS XERAIS DA ÁREA

B) LINGUA CASTELÁ E LITERATURA

OBXECTIVOS	COMPETENCIAS CLAVE
a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.	Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.	Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender
d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.	Competencias sociais e cívicas. Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.	Comunicación lingüística. Competencia dixital Aprender a aprender. Competencias sociais e cívicas.
g) Desenvolver o espírito emprendedor e a confianza en si mesmo, a participación, o sentido crítico, a iniciativa persoal e a capacidade para aprender a aprender, planificar, tomar decisións e asumir responsabilidades.	Sentido de iniciativa e espírito emprendedor. Aprender a aprender.
h) Comprender e expresar con corrección, oralmente e por escrito, na lingua galega e na lingua castelá, textos e mensaxes complexas, e iniciarse no coñecemento, na lectura e no estudo da literatura.	Comunicación lingüística. Conciencia e expresións culturais. Competencias sociais e cívicas. Aprender a aprender.
i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.	Comunicación lingüística. Conciencia e expresións culturais. Competencias sociais e cívicas. Aprender a aprender.

- l) Coñecer, valorar e respectar os aspectos básicos da cultura e da historia propias e das outras persoas, así como o patrimonio artístico e cultural. Coñecer mulleres e homes que realizaran achegas importantes á cultura e á sociedade galega, ou a outras culturas do mundo.
- Conciencia e expresións culturais.
Comunicación lingüística.
Competencias sociais e cívicas.
- m) Coñecer e aceptar o funcionamento do propio corpo e o das outras persoas, respectar as diferenzas, afianzar os hábitos de coidado e saúde corporais, e incorporar a educación física e a práctica do deporte para favorecer o desenvolvemento persoal e social. Coñecer e valorar a dimensión humana da sexualidade en toda a súa diversidade. Valorar criticamente os hábitos sociais relacionados coa saúde, o consumo, o coidado dos seres vivos e o medio ambiente, contribuíndo á súa conservación e á súa mellora.
- Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía.
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.
Competencias sociais e cívicas
- n) Apreciar a creación artística e comprender a linguaxe das manifestacións artísticas, utilizando diversos medios de expresión e representación.
- Comunicación lingüística.
Conciencia e expresións culturais.
Competencias sociais e cívicas.
Aprender a aprender.
- ñ) Coñecer e valorar os aspectos básicos do patrimonio lingüístico, cultural, histórico e artístico de Galicia, participar na súa conservación e na súa mellora, e respectar a diversidade lingüística e cultural como dereito dos pobos e das persoas, desenvolvendo actitudes de interese e respecto cara ao exercicio deste dereito.
- Comunicación lingüística.
Conciencia e expresións culturais.
Competencias sociais e cívicas.
Aprender a aprender.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.
- Comunicación lingüística.
Conciencia e expresións culturais.
Competencias sociais e cívicas.
Aprender a aprender.

OBXECTIVOS POR TEMAS:

OBXECTIVOS POR TEMAS: SEGUNDO CURSO

UNIDADE 1. EMPEZAMOS

- Entender que é un texto e cales son as súas características.
- Recoñecer as diferenzas entre comunicación oral e escrita e entre comunicación verbal e non verbal.
- Diferenciar as distintas unidades lingüísticas.
- Aplicar as normas xerais de acentuación.
- Diferenciar os distintos conceptos da semántica (campo semántico, campo léxico e familia léxica).
- Comprender o concepto de literatura e diferenciar os seus xéneros.
- Ler textos literarios.
- Comprender o proceso da comunicación.
- Identificar os elementos da comunicación.
- Coñecer as variedades da lingua.
- Aprender a utilizar os diferentes elementos da prosodia.
- Utilizar as TIC e outras fontes de coñecemento para buscar e procesar a información.

UNIDADE 2. NA ESCOLA

- escoitar de forma activa, comprender, interpretar e valorar textos orais propios dos ámbitos persoal, educativo ou escolar, e social.
- escoitar de xeito activo, comprender, interpretar e valorar textos orais de diferente tipo.
- Recoñecer o proceso de produción de discursos orais valorando a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos.
- Recoñecer a importancia dos aspectos prosódicos, da linguaxe non verbal e da xestión de tempos, e o emprego de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso.
- Recoñecer os erros da produción oral propia e allea a partir da práctica habitual da avaliación e autoavaliación, e propón solucións para melloralas.
- Realizar intervencións non planificadas, dentro da aula, analizando e comparando as similitudes e as diferenzas entre discursos formais e espontáneos.
- Ler, comprender, interpretar e valorar textos en diferentes formatos e soportes.
- Aplicar progresivamente as estratexias necesarias para producir textos adecuados, coherentes e cohesionados.
- Comprender e interpretar os compoñentes do significado das palabras: denotación e connotación.
- Clasificar os xéneros periodísticos e os seus textos.
- Recoñecer os distintos tipos de textos de opinión.
- Coñecer as diferentes clases de palabras.
- Diferenciar as distintas unidades lingüísticas.
- Dominar a aplicación das normas xerais de acentuación no caso de diptongos, hiatos y triptongos.
- Comprender o concepto de poesía e diferenciar os seus xéneros.
- Recoñecer, recitar e apreciar o gusto polos textos poéticos.
- Aprender a utilizar os diferentes elementos da prosodia.
- Utilizar as TIC e outras fontes de coñecemento para buscar e procesar a información.

UNIDADE 3. LER É VIVIR DÚAS VECES

- escoitar de forma activa, comprender, interpretar e valorar textos orais propios dos ámbitos persoal, educativo ou escolar, e social.
- escoitar de xeito activo, comprender, interpretar e valorar textos orais de diferente tipo.
- recoñecer o proceso de produción de discursos orais valorando a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos
- recoñecer a importancia dos aspectos prosódicos, da linguaxe non verbal e da xestión de tempos, e o emprego de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso.
- ler, comprender, interpretar e valorar textos en diferentes formatos e soportes.
- deducir as ideas principais dun texto e recoñecer as ideas secundarias, comprendendo as relacións que se establecen entre elas.
- aplicar progresivamente as estratexias necesarias para producir textos adecuados, coherentes e cohesionados.
- aprender a clasificar os xéneros xornalísticos e os seus textos.
- utilizar de xeito autónomo diversas fontes de información, integrando os coñecementos adquiridos en discursos escritos.
- coñecer o funcionamento de distintas bibliotecas.
- recoñecer os diferentes tipos de textos informativos.
- diferenciar as distintas unidades lingüísticas.
- comprender o concepto de literatura e diferenciar os seus xéneros .
- recoñecer, recitar e apreciar o gusto polos textos poéticos.
- redactar textos persoais de intención literaria, a partir de modelos dados e seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa.
- desenvolver o gusto pola escritura como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os propios sentimentos.
- aprender a utilizar os diferentes elementos da prosodia.
- utilizar as TIC e outras fontes de coñecemento para buscar e procesar a información.

UNIDADE 4. A AMISTADE É UN TESOURO

- escoitar de forma activa, comprender, interpretar e valorar textos orais propios dos ámbitos persoal, educativo ou escolar, e social.
- escoitar de maneira activa, comprender, interpretar e valorar textos orais de diferente tipo.
- recoñecer o proceso de produción de discursos orais valorando a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos. contenidos.
- recoñecer a importancia dos aspectos prosódicos, da linguaxe non verbal e da xestión de tempos, e o emprego de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso.
- ler, comprender, interpretar e valorar textos en diferentes formatos e soportes.
- deducir as ideas principais dun texto e recoñecer as ideas secundarias, comprendendo as relacións que se establecen entre elas.
- aplicar progresivamente as estratexias necesarias para producir textos adecuados, coherentes e cohesionados.
- aprender a clasificar os xéneros xornalísticos e os seus textos.
- utilizar de xeito autónomo diversas fontes de información, integrando os coñecementos adquiridos en discursos escritos.
- diferenciar as distintas unidades lingüísticas, en concreto, o adxectivo e o sintagma adxectivoal.
- recoñecer e explicar o uso metafórico e metonímico das palabras nunha frase ou nun texto oral ou escrito.
- comprender o concepto e a utilidade dos principais recursos retóricos.
- recoñecer, recitar e apreciar o gusto polos textos poéticos.
- falar na clase dos libros e compartir as súas experiencias co resto de compañeiros e compañeiras.
- redactar textos persoais de intención literaria, a partir de modelos dados e seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa.

- Desenvolver o gusto pola escritura como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os propios sentimentos.
- Aprender a utilizar os diferentes elementos da prosodia.
- Utilizar as TIC e outras fontes de coñecemento para buscar e procesar a información.

UNIDADE 5. IMOS VIVIR EN PAZ

- escoitar de forma activa, comprender, interpretar e valorar textos orais propios dos ámbitos persoal, educativo ou escolar, e social.
- escoitar de maneira activa, comprender, interpretar e valorar textos orais de diferente tipo.
- Recoñecer o proceso de produción de discursos orais valorando a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos.
- Recoñecer a importancia dos aspectos prosódicos, da linguaxe non verbal e da xestión de tempos, e o emprego de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso.
- Aprender a falar en público, en situacións formais de xeito individual.
- Deducir as principais ideas dun texto e recoñecer as ideas secundarias, comprendendo as relacións que se establecen entre elas.
- Ler, comprender, interpretar e valorar textos en diferentes formatos e soportes.
- Aplicar progresivamente as estratexias necesarias para producir textos adecuados, coherentes e cohesionados.
- Aprender a clasificar os xéneros xornalísticos e os seus textos.
- Utilizar de xeito autónoma diversas fontes de información, integrando os coñecementos adquiridos en discursos escritos.
- Diferenciar as distintas unidades lingüísticas.
- Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as súas normas de uso para resolver problemas de comprensión de textos orais e escritos, e para a composición e a revisión progresivamente autónoma dos textos propios e alleos.
- Comprender o significado das palabras en toda a súa extensión para recoñecer e diferenciar os usos obxectivos dos subxectivos.
- Comprender e valorar as relacións de igualdade e de contrariedade que se establecen entre as palabras e os eu uso no discurso oral.
- Comprender o concepto de literatura e diferenciar os seus xéneros.
- Recoñecer e valorar a diversidade lingüística, con especial atención á realidade galega.
- Recoñecer, recitar e apreciar o gusto polos textos poéticos
- Redactar textos persoais de intención literaria, a partir de modelos dados e seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa.
- Desenvolver o gusto pola escritura como instrumento de comunicación capaz de analizar e regular os propios sentimentos.
- Aprender a utilizar os diferentes elementos da prosodia.
- Utilizar as TIC e outras fontes de coñecemento para buscar e procesar a información.

UNIDADE 6. SOMOS DE COLORES

- Ler e comprender textos expositivos.
- Redactar textos expositivos, poñendo en marcha as técnicas necesarias.
- escoitar de xeito activo, comprender e interpretar distintos tipos de textos orais: diálogos, exposicións orales.
- Elaborar discursos orais, valorando a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos.
- Introducirse no mundo da declamación, como vehículo idóneo para conseguir unha boa exposición oral.
- Descubrir a importancia da comunicación non verbal na expresión oral.
- Recoñecer e definir sintagmas adverbais.
- Ampliar vocabulario en xeral e en particular o referido ao ámbito teatral.

- Repasar as regras ortográficas do c e cc.
- Recoñecer un texto dramático.
- Leer e dramatizar textos dramáticos, apreciando o seu valor literario.
- Elaborar un texto dramático, a partir de modelos dados e seguindo as pautas do xénero, con intención lúdica e creativa.
- Resaltar a importancia do traballo en equipo nunha representación teatral.
- Utilizar as TIC e outras fontes de coñecemento para buscar e procesar a información.

UNIDADE 7. EU SON COMA TI

- Ler e comprender textos argumentativos.
- Recoñecer e redactar un texto argumentativo, utilizando as técnicas necesarias.
- Diferenciar diferentes tipos de textos argumentativos: un artigo de opinión, unha carta de reclamación, unha instancia, unha carta ao director ou un discurso político.
- Coñecer as claves dun debate.
- Descubrir a importancia da comunicación non verbal na expresión oral.
- Coñecer as técnicas para falar en público, como reforzo á hora de debater.
- Coñecer a estrutura do sintagma preposicional.
- Identificar e comprender modismos e refráns.
- Coñecer e valorar a tradición popular a través do estudio e da comprensión dos refráns e modismos.
- Diferenciar refráns de modismos.
- Repasar as normas ortográficas relativas ao emprego do x.
- Recoñecer os subxéneros dramáticos.
- Ler, dramatizar e valorar textos dramáticos.
- Utilizar as TIC e outras fontes de coñecemento para buscar e procesar a información.

UNIDADE 8. A IMPORTANCIA DA ARTE

- Ler e comprender textos instrutivos.
- Recoñecer e redactar textos instrutivos, seguindo as pautas e técnicas necesarias.
- Diferenciar diferentes tipos de textos instrutivos: manual, receita, prospecto médico, regras de xogo.
- Recoñecer e elaborar distintas presentacións dos textos instrutivos: textual, gráfico, gráfico e textual, audiovisual.
- Comprender, interpretar e elaborar distintos textos orais: a conversación.
- Valorar a claridade expositiva e a coherencia do discurso nunha conversación.
- Descubrir a importancia da linguaxe xestual na expresión oral.
- Analizar sintácticamente unha oración.
- Recoñecer os complementos do predicado: complemento directo, complemento indirecto, complemento circunstancial, complemento de réximen, complemento predicativo, complemento axente e atributo.
- Identificar e comprender os eufemismos e as palabras tabú
- Diferenciar eufemismos de disfemismos.
- Repasar as regras ortográficas relativas á ll e á y.
- Coñecer distintas manifestacións teatrais: o mimo e os títeres.
- Coñecer a traxectoria profesional das grandes figuras do mimo ao longo da historia.
- Utilizar as TIC e outras fontes de coñecemento para buscar e procesar a información.

UNIDADE 9. AS PERSOAS POR DENTRO

- Ler e comprender textos narrativos.
- Ler e comprender textos publicitarios
- Recoñecer, diferenciar e redactar distintos textos publicitarios, a partires das pautas e técnicas necesarias.
- Identificar e elaborar un slogan.

- Diferenciar, comprender e elaborar distintos tipos de oracións segundo a actitude do falante: enunciativas, desiderativas, exclamativas, interrogativas, dubitativas, exhortativas e de probabilidade.
- Diferenciar os distintos xéneros narrativos: o conto e a súa tipoloxía.
- Ler e escribir contos.
- Descubrir a figura do contacontos.
- Coñecer e por en práctica as técnicas da narración oral.
- Coñecer os usos dos signos de interrogación.
- Coñecer a técnica da abreviación: abreviaturas, siglas, símbolos e acrónimos.
- Utilizar as TIC e outras fontes de coñecemento para buscar e procesar a información.

UNIDADE 10. AS NOSAS PALABRAS

- Ler e comprender actas e instancias.
- Recoñecer e redactar un acta e unha instancia, seguindo as pautas e técnicas necesarias.
- Coñecer a estrutura, características e a linguaxe apropiada para a redacción de actas e instancias.
- Coñecer as características do léxico administrativo e o seu ámbito de utilización.
- Repasar a teoría dos complementos do predicado: complemento directo, complemento indirecto, complemento circunstancial, complemento de réximen, complemento predicativo, complemento axente e atributo.
- Recoñecer e saber construír os distintos tipos de oracións segundo a natureza do predicado.
- Recoñecer as oracións activas e pasivas, e os mecanismos para converter unhas noutras.
- Coñecer as orixes dos faladoiros, os seus tipos e regras.
- Valorar a claridade expositiva e a coherencia do discurso nun faladoiro.
- Ler fábulas e lendas, recoñecendo as súas características e as súas orixes.
- Redactar con intención literaria fábulas e lendas.
- Coñecer o uso dos signos de puntuación, en concreto, a coma.
- Utilizar as TIC e outras fontes de coñecemento para buscar e procesar a información.

UNIDADE 11. NAVEGAR CON SEGURIDADE

- Ler un artigo periodístico sobre o cibercoso, extraendo a información fundamental.
- Coñecer a estrutura, características e a linguaxe empregada na redacción de correos electrónicos e a mensaxaría instantánea.
- Coñecer e saber aplicar o léxico tecnolóxico e de Internet.
- Repasar a teoría relativa ao verbo e saber identificar os verbos auxiliares.
- Identificar e saber construír distintos tipos de perífrasis verbales.
- Recoñecer as perífrases enganosas.
- Coñecer as orixes da asemblea, tipos e regras para levala adiante.
- Identificar e elaborar caligramas, coñecer as súas orixes e características.
- Coñecer autores universais destacados na elaboración de caligramas.
- Coñecer o uso dos signos de puntuación: o punto e o punto e coma.
- Utilizar as TIC e outras fontes de coñecemento para buscar e procesar a información.

UNIDADE 12. DEFENDER O NOSO

- Elaborar e saber interpretar un esquema e un mapa conceptual.
- Coñecer a realidade lingüística de España.
- Coñecer a diversidade lingüística de Galicia.
- Identificar as peculiaridades do español en Galicia.
- Identificar os neoloxismos.
- Recursos de creación de neoloxismos.
- Coñecer o uso dos signos de puntuación: o guión e as parénteses.
- Descubrir as técnicas do cómic.

- Coñecer artistas destacados no mundo do cómic.
- Coñecer as claves do simposio.
- Utilizar as TIC e outras fontes de coñecemento para buscar e procesar a información.

OBXECTIVOS POR TEMAS: CUARTO CURSO

UNIDADE 1. LENGUAS DIFERENTES, RIQUEZA CULTURAL

- Coñecer a realidade lingüística de España, identificando as distintas formas de falar segundo o nivel social ou cultural.
- Comprender e empregar diferentes formas do linguaxe como medios de expresión.
- Comprender como morren e nacen as linguas.
- Ler, comprender, interpretar e valorar textos en diferentes formatos e soportes.
- Aplicar progresivamente as estratexias necesarias para producir textos axeitados, coherentes e cohesionados.
- Traballar a competencia sintetizadora e comprensión lectora.
- Coñecer e usar correctamente os signos de puntuación: o guión.
- Identificar e clasificar os neoloxismos e coñecer os seus recursos de formación.
- Coñecer as principais características, autores e obras do Romanticismo español fronte á Ilustración.
- Ler e interpretar textos literarios identificando o xénero ao que pertencen e os seus elementos estruturais e formais.
- Coñecer as características dos contos.
- Producir textos adoptando un estilo propio de expresión.
- Relacionar as obras, autores e movementos literarios co seu contexto socio-cultural.
- Recoñecer o proceso de produción de discursos orais valorando a claridade expositiva, a adecuación, a coherencia do discurso e a cohesión dos contidos.
- Recoñecer a importancia dos aspectos prosódicos, de linguaxe non verbal e da xestión de tempos e o emprego de axudas audiovisuais en calquera tipo de discurso.
- Recoñecer erros da produción oral propia e allea a partires da práctica habitual.
- Coñecer os distintos tipos de xéneros radiofónicos.
- Coñecer as características da comunicación radiofónica e da linguaxe asociada a este medio.
- Utilizar as TIC's e outras fontes de coñecemento para buscar e procesar a información.

UNIDADE 2. REAL COMO LA VIDA MISMA

- Comprender a necesidade de dominar a linguaxe e as diferentes tipoloxías textuais para o seu uso en todos os ámbitos da nosa vida diaria.
- Recoñecer a aplicación e importancia da linguaxe convencional no ámbito das novas tecnoloxías.
- Aplicar progresivamente estratexias necesarias para producir textos adecuados, coherentes e cohesionados.
- Coñecer as características estruturais dos textos descritivos, así como as súas principais formas, aplicacións e formatos.
- Comprender textos orais e escritos fundamentalmente descritivos con distintas finalidades e adecuadas a diferentes situacións comunicativas.
- Recoñecer os erros da produción oral propia e allea a partir da práctica habitual da evolución.
- Expresarse oralmente e por escrito con precisión e corrección.

- Traballar a competencia sintetizadora e comprensión lectora.
- Coñecer as categorías gramaticais básicas da lingua castelá: substantivo, adxectivo e verbo.
- Usar correctamente as maiúsculas e as minúsculas.
- Identificar e analizar estruturalmente as palabras, coñecendo os recursos empregados para a súa creación.
- Coñecer os xéneros literarios, as súas características, evolución e obras representativas.
- Coñecer as principais características, autores e obras das literaturas realista e naturalista.
- Ler e interpretar textos literarios identificando o xénero ao que pertencen e os seus elementos estruturais e formais.
- Producir textos adoptando un estilo propio de expresión.
- Relacionar as obras, autores e movementos literarios co seu contexto socio-cultural.
- Mostrar interese pola lectura de textos literarios, desenvolvendo criterios propios de selección e valoración.
- Valorar as obras literarias como parte do noso patrimonio cultural.
- Valorar a lingua oral e escrita como instrumento de aprendizaxe e comunicación.
- Utilizar técnicas de manexo de información tanto tradicionais como vinculadas ás novas tecnoloxías.

UNIDADE 3. UN VIAJE ASOMBROSO

- Coñecer as características do texto narrativo, así como as súas principais formas, aplicacións e formatos.
- Comprender a evolución do español como lingua viva .
- Aplicar progresivamente estratexias necesarias para producir textos adecuados, coherentes e cohesionados.
- Comprender textos orais e escritos fundamentalmente narrativos con distintas finalidades e adecuadas a diferentes situacións comunicativas.
- Expresarse oralmente e por escrito con precisión e corrección.
- Traballar a competencia sintetizadora e comprensión lectora.
- Coñecer todas as categorías gramaticais da lingua castelá
- Usar correctamente as grafías b, v; g, j; y, ll; x .
- Identificar e analizar estruturalmente as palabras, coñecendo os recursos empregados para a súa creación.
- Coñecer o xénero lírico, as súas características, evolución e obras representativas.
- Coñecer os principais períodos autores e obras da poesía española e hispanoamericana entre 1890 e 1936.
- Ler e interpretar textos literarios identificando o xénero ao que pertencen e os seus elementos estruturais e formais.
- Producir textos adoptando un estilo propio de expresión.
- Relacionar as obras, autores e movementos literarios co seu contexto socio-cultural.
- Mostrar interese pola lectura de textos literarios, desenvolvendo criterios propios de selección e valoración.
- Valorar as obras literarias como parte do noso patrimonio cultural.
- Valorar a lingua oral e escrita como instrumento de aprendizaxe e comunicación a través das novas tecnoloxías.
- Aprender a falar en público en situacións formais.

UNIDADE 4. FÁBRICA DE SUEÑOS

- Coñecer as características do texto publicitario, así como as súas principais formas, aplicacións e formatos.
- Comprender a orixe e a evolución das palabras en español.
- Aplicar estratexias necesarias para producir textos adecuados, con fins publicitarios o de concienciación.
- Comprender textos orais e escritos de tipo publicitario para plantexar diferentes estratexias comunicativas.
- Expresarse oralmente e por escrito con precisión e corrección.
- Traballar a competencia sintetizadora e a comprensión lectora.
- Coñecer os distintos tipos de oracións.
- Usar correctamente a grafía h e os grupos consonánticos.
- Identificar e analizar estruturalmente as palabras, coñecendo a orixe e a evolución.
- Coñecer o xénero narrativo, as súas características, evolución e obras representativas.
- Coñecer os principais períodos autores e obras da narrativa española entre 1898 e 1936.
- Ler e interpretar textos literarios identificando o xénero ao que pertencen e os seus elementos estruturais e formais.
- Producir textos adoptando un estilo propio de expresión.
- Relacionar as obras, autores e movementos literarios co seu contexto socio-cultural.
- Mostrar interese pola lectura de textos literarios, desenvolvendo criterios propios de selección e valoración.
- Valorar as obras literarias como parte do noso patrimonio cultural.
- Valorar a lingua oral e escrita como instrumento de aprendizaxe e comunicación a través das novas tecnoloxías.
- Expresarse oralmente con corrección e adecuación para facer unha campaña publicitaria ou de concienciación.

UNIDADE 5. I+D

- Comprender a necesidade de dominar a linguaxe e as diferentes tipoloxías textuais para o seu uso en todos os ámbitos da nosa vida diaria.
- Recoñecer a aplicación e importancia da linguaxe convencional no ámbito das ciencias, a innovación e o desenvolvemento.
- Coñecer o concepto de exposición os seus tipos, estrutura, procedementos e linguaxe.
- Comprender textos orais e escritos fundamentalmente expositivos con distintas finalidades e adecuadas a diferentes situacións comunicativas
- Recoñecer os erros da produción oral propia e allea a partir da práctica habitual da evolución.
- Expresarse oralmente e por escrito con precisión e corrección.
- Traballar a competencia sintetizadora e comprensión lectora.
- Coñecer as diferentes clases de sintagmas.
- Repasar as regras básicas de acentuación da lingua castelá.
- Sinalar e identificar o significado connotativo e denotativo do noso léxico.
- Coñecer as principais características, autores e obras do teatro español entre 1898 e 1936.
- Ler e interpretar textos literarios identificando o xénero ao que pertencen e os seus elementos estruturais e formais.
- Producir textos adoptando un estilo propio de expresión.

- Relacionar as obras, autores e movementos literarios co seu contexto socio-cultural.
- Mostrar interese pola lectura de textos literarios, desenvolvendo criterios propios de selección e valoración.
- Valorar as obras literarias como parte do noso patrimonio cultural.
- Valorar a lingua oral e escrita como instrumento de aprendizaxe e comunicación.
- Utilizar técnicas de manexo de información tanto tradicionais como vinculadas ás novas tecnoloxías.
- Expresarse oralmente con corrección e adecuación para expoñer as características dun proxecto de investigación propio.

UNIDADE 6. COMER PARA VIVIR

- Coñecer as características do texto instrutivo, así como as súas principais formas, aplicacións e formatos.
- Comprender as diferentes relacións de significado entre palabras.
- Utilizar estas relacións de significado para crear textos adecuados, cohesionados e coherentes con fins instrutivos.
B1.6. Aprender a falar en público, en situacións formais ou informais, de xeito individual ou en grupo.		LCLB1.6.1. Realiza presentacións orais de forma individual ou en grupo, planificando o proceso de oralidade, organizando o contido, consultando fontes de información diversas, xestionando o tempo e transmitindo a información de xeito coherente, aproveitando vídeos, gravacións ou outros soportes dixitais.	CCL
		LCLB1.6.2. Realiza intervencións non planificadas, dentro da aula, analizando e comparando as similitudes e as diferenzas entre discursos formais e espontáneos.	CCL
		LCLB1.6.3. Incorpora progresivamente palabras propias do nivel formal da lingua nas súas prácticas orais.	CCL

		LCLB1.6.4. Pronuncia con corrección e claridade, modulando e adaptando a súa mensaxe á finalidade da práctica oral.	CCL
		LCLB1.6.5. Resume oralmente exposicións, argumentacións, intervencións públicas, etc., recollendo as ideas principais e integrando a información en oracións que se relacionen lxicamente e semanticamente.	CAA
		LCLB1.6.6. Aplica os coñecementos gramaticais á avaliación e á mellora da expresión oral, recoñecendo en exposicións orais propias ou alleas as dificultades expresivas (incoherencias, repeticións, ambigüidades, impropiedades léxicas, pobreza e repetición de conectores etc.).	CCL
	B1.7. Coñecer, comparar, usar e valorar as normas de cortesía nas intervencións orais propias da actividade educativa, tanto espontáneas como planificadas, e nas prácticas discursivas orais propias dos medios de comunicación.	LCLB1.7.1. Coñece, valora e aplica as normas que rexen a cortesía na comunicación oral.	CCL
		LCLB1.7.2. Analiza criticamente debates e faladoiros procedentes dos medios de comunicación, recoñecendo neles a validez dos argumentos e valorando criticamente a súa forma e o seu contido.	CCL

		LCLB1.7.3. Participa activamente nos debates escolares, respectando as regras de intervención, interacción e cortesía que os regulan, utilizando unha linguaxe non discriminatoria.	CSC
	B1.8. Reproducir situacións reais ou imaxinarias de comunicación potenciando o desenvolvemento progresivo das habilidades sociais, a expresión verbal e non verbal, e a representación de realidades, sentimentos e emocións..	LCLB1.8.1.Dramatiza e improvisa situacións reais ou imaxinarias de comunicación.	CCEC
	B2.1. Aplicar diferentes estratexias de lectura comprensiva e crítica de textos	LCLB2.1.1. Comprende textos de diversa índole pondo en práctica diferentes estratexias de lectura e autoavaliación da súa propia comprensión en función do obxectivo e o tipo de texto, actualizando coñecementos previos, traballando os erros de comprensión e construíndo o significado global do texto.	CCL
LCLB2.1.2. Localiza, relaciona e secuencia as informacións explícitas dos textos.		CCL	
LCLB2.1.3. Infíre a información relevante dos textos, identificando a idea principal e as secundarias, e establecendo relacións entre elas.		CMCCT	
LCLB2.1.4. Constrúe o significado global dun texto ou de frases do texto demostrando unha comprensión plena e		CCL	

		detallada deste.	
		LCLB2.1.5. Fai conexións entre un texto e o seu contexto, integrándoo e avaliándoo criticamente, e realizando hipóteses sobre el.	CAA
		LCLB2.1.6. Comprende o significado de palabras propias do nivel culto da lingua que incorpora ao seu repertorio léxico, e recoñecendo a importancia de enriquecer o seu vocabulario para expresarse con exactitude e precisión.	CCL
	B2.2. Ler, comprender, interpretar e valorar textos en diferentes formatos e soportes	LCLB2.2.1. Recoñece e expresa o tema, as ideas principais, a estrutura e a intención comunicativa de textos escritos propios dos ámbitos persoal, educativo, social e laboral, e de relacións con organizacións, identificando a tipoloxía textual seleccionada (narración, exposición, etc.), a organización do contido e o formato utilizado.	CCL
		LCLB2.2.2. Identifica os trazos diferenciais dos xéneros xornalísticos informativos e de opinión (noticias, reportaxes, editoriais, artigos e columnas, cartas á dirección, comentarios e crítica).	CSC
		LCLB2.2.5. Interpreta o sentido de palabras, expresións, frases ou pequenos fragmentos extraídos dun texto en función do seu sentido global.	CCL

	B2.3. Manifestar unha actitude crítica ante a lectura de calquera tipo de textos ou obras literarias a través dunha lectura reflexiva que permita identificar posturas de acordo ou desacordo, respectando sempre as opinións dos demais.	LCLB2.3.1. Identifica e expresa as posturas de acordo e desacordo sobre aspectos parciais ou globais dun texto.	CCL
		LCLB 2 . 3 . 2 . Elabora a súa propia interpretación sobre o significado dun texto.	CAA
		LCLB2.3.3. Respecta as opinións das demais persoas.	CCA CCL
	B2.4. Seleccionar os coñecementos que se obteñan das bibliotecas ou de calquera outra fonte de información impresa en papel ou dixital, integrándoos nun proceso de aprendizaxe continua.	LCLB2.4.1. Utiliza de forma autónoma diversas fontes de información, integrando os coñecementos adquiridos nos seus discursos orais ou escritos.	CCL
		LCLB2.4.2. Coñece e manexa habitualmente dicionarios impresos ou en versión dixital, dicionarios de dúbida e irregularidades da lingua, etc.	CCL
	B2.5. Aplicar progresivamente as estratexias necesarias para producir textos adecuados, coherentes e cohesionados.	LCLB2.5.1. Aplica técnicas diversas para planificar os seus escritos (esquemas, árbores, mapas conceptuais etc.)	CCL
	LCLB2.5.3. Escribe textos en diferentes soportes usando o rexistro adecuado, organizando as ideas con claridade, enlazando enunciados en secuencias lineais cohesionadas, e respectando as	CCL	

		normas gramaticais e ortográficas.	
		LCLB2.5.6. Reescribe textos propios e alleos aplicando as propostas de mellora que se deducen da avaliación da produción escrita.	CCL
	B2.6. Escribir textos en relación co ámbito de uso.	LCLB2.6.1. Redacta con claridade e corrección textos propios dos ámbitos persoal, educativo, social e laboral.	CCL
		LCLB2.6.2. Redacta con claridade e corrección textos narrativos, descritivos, instrutivos, expositivos e argumentativos, adecuándose aos trazos propios da tipoloxía seleccionada.	CCL
		LCLB2.6.4. Resume o contido de calquera tipo de texto, recollendo as ideas principais con coherencia e cohesión e expresándoas cun estilo propio, evitando reproducir literalmente as palabras do texto.	CCA
		LCLB2.6.5. Realiza esquemas e mapas conceptuais que estruturen o contido dos textos traballados.	CCL
	B3.6. Explicar e describir os trazos que determinan os límites	LCLB3.6.1. Transforma e amplía oracións simples en oracións compostas, usando	CCL

	oracionais para recoñecer a estrutura das oracións compostas.	conectores e outros procedementos de substitución para evitar repeticións.	CMCCT
		LCLB3.6.2. Recoñece a palabra nuclear que organiza sintacticamente e semanticamente un enunciado, así como os elementos que se agrupan arredor dela.	
		LCLB3.6.3. Recoñece a equivalencia semántica e funcional entre o adxectivo, o substantivo e algúns adverbios con oracións de relativo, substantivas e adverbais respectivamente, transformando e ampliando adxectivos, substantivos e adverbios en oracións subordinadas e inseríndoas como constituíntes doutra oración.	CCL
	B3.7. Aplicar os coñecementos sobre a lingua para resolver problemas de comprensión e expresión de textos orais e escritos e para a revisión progresivamente autónoma dos textos propios e alleos.	LCLB3.7.1. Revisa os seus discursos orais e escritos aplicando correctamente as normas ortográficas e gramaticais, recoñecendo o seu valor social para obter unha comunicación eficiente.	CCL
	B3.8. Identificar e explicar as estruturas dos xéneros textuais, con especial atención ás estruturas expositivas e argumentativas, para	LCLB3.8.1. Identifica e explica as estruturas dos xéneros textuais, con especial atención ás expositivas e argumentativas, e utilízalas nas propias producións orais e escritas.	CCL

	utilízasas nas súas producións orais e escritas.	LCLB3.8.2. Coñece os elementos da situación comunicativa que determinan os usos lingüísticos (tema, propósito, destinatario, xénero textual, etc.).	CSC
		LCLB3.8.3. Describe os trazos lingüísticos máis sobresalientes de textos expositivos e argumentativos, relacionándoos coa intención comunicativa e o contexto en que se producen.	CCL
		LCLB3.8.4. Recoñece nun texto os procedementos lingüísticos para a expresión da subxectividade, e utilízalos nas producións propias.	CCL
B3.9. Recoñecer en textos de diversa índole e usar nas producións propias orais e escritas os conectores textuais e os principais mecanismos de referencia interna, tanto gramaticais como léxicos.	LCLB3.9.1. Recoñece e utiliza a substitución léxica como un procedemento de cohesión textual.	CCL	
	LCLB3.9.2. Identifica, explica e usa distintos tipos de conectores de causa, consecuencia, condición e hipótese, así como os mecanismos gramaticais e léxicos de referencia interna que proporcionan cohesión a un texto.	CCL	
B3.10. Recoñecer e utilizar os rexistros lingüísticos en función dos ámbitos sociais, valorando a importancia de utilizar o rexistro	LCLB3.10.1. Recoñece os rexistros lingüísticos en textos orais ou escritos en función da intención comunicativa e do seu uso social.	CCL	

	<p>adecuado a cada momento.</p>	<p>LCLB3.10.2. Valora a importancia de utilizar o rexistro adecuado a cada situación comunicativa, e aplícao nos seus discursos orais e escritos.</p>	<p>CSC</p>
	<p>B4.1. Favorecer a lectura e comprensión de obras literarias da literatura española e universal de todos os tempos e da literatura xuvenil.</p>	<p>LCLB4.1.1. Le e comprende cun grao crecente de interese e autonomía obras literarias próximas aos seus gustos e ás súas afeccións.</p>	<p>CCL</p>
		<p>LCLB4.1.2. Valora algunha das obras de lectura libre, resumindo o contido, explicando os aspectos que máis chamaron a súa atención e o que a lectura lle achegou como experiencia persoal.</p>	<p>CCEC</p>
		<p>LCLB4.1.3. Desenvolve progresivamente o seu propio criterio estético perseguindo como única finalidade o pracer pola lectura.</p>	<p>CSIEE</p>
	<p>B4.2. Promover a reflexión sobre a conexión entre a literatura e o resto das artes.</p>	<p>LCLB4.2.1. Desenvolve progresivamente a capacidade de reflexión observando, analizando e explicando a relación existente entre manifestacións artísticas de todas as épocas (música, pintura, cine, etc.).</p>	<p>CCL</p>

	LCLB4.2.2. Recoñece e comenta o mantemento ou a evolución de personaxes- tipo, temas e formas ao longo dos diversos períodos histórico- literarios, ata a actualidade.	CCEC
B4.3. Fomentar o gusto e o hábito pola lectura en todas as súas vertentes: como fonte de acceso ao coñecemento e como instrumento de lecer e diversión que permite explorar mundos diferentes aos nosos, reais ou imaxinarios.	LCLB4.3.1. Fala na clase dos libros e comparte as súas impresións cos/coas compañeiros/as.	CCL
	LCLB4.3.3. Le en voz alta, modulando e adecuando a voz, apoiándose en elementos da comunicación non verbal e potenciando a expresividade verbal.	CCL
B4.4. Comprender textos literarios representativos desde o século XVIII aos nosos días, recoñecendo a intención do/da autor/a, o tema e os trazos propios do xénero ao que pertence, e relacionando o seu contido co contexto sociocultural e literario da época, ou doutras épocas, e expresando a relación con xuízos persoais razoados.	LCLB4.4.1. Le e comprende unha selección de textos literarios representativos da literatura desde o século XVIII aos nosos días, identificando o tema, resumindo o seu contido e interpretando a linguaxe literaria.	CCL
	LCLB4.4.2. Expresa a relación entre o contido da obra, a intención do/da autor/a e o contexto, e o mantemento de temas e formas, emitindo xuízos persoais razoados.	CAA
B4.5. Redactar textos persoais de intención literaria seguindo as convencións do xénero, con intención lúdica e creativa.	LCLB4.5.1. Redacta textos persoais de intención literaria a partir de modelos dados, seguindo as convencións do xénero e con intención lúdica e creativa.	CCL
	LCLB4.5.2. Desenvolve o gusto pola escritura como instrumento de	CAA

comunicación capaz de analizar e regular os seus propios sentimentos.

4.- CONTIDOS MÍNIMOS:

- 2º ESO:

Considéranse requisitos imprescindibles para aprobar a materia os seguintes:

- 1.- Mostrar boa disposición cara a materia, con esforzo e interese persoal, que fagan posible a consecución de destrezas nos distintos aspectos de cada tema.
- 2.- Acadar unha boa capacidade, velocidade e comprensión lectora.
- 3.- Comprender textos de mediana dificultade, identificando a idea principal. Facer resumos e esquemas sobre eles, dominando o vocabulario básico para a súa idade.
- 4.- Acadar os contidos teóricos máis esenciais da gramática, co fin de utilizar máis conscientemente a lingua e mellorar a súa competencia lingüística.
- 5.- Ser capaz de realizar sen erros graves unha análise sintáctica da oración simple.
- 6.- Acadar os contidos teóricos máis importantes dos xéneros literarios estudados.
- 7.- Realizar todas aquelas tarefas que o/a profesor/-a encomende e que vaian encamiñadas á aprendizaxe da materia.
- 8.- Coñecer as regras de coherencia morfosintáctica e de corrección ortográfica da lingua estándar, e aplicalas a todas as producións textuais do curso.

- 4º ESO:

- 1.- Analizar estruturas oracionais básicas, recoñecendo as distintas funcións que se poden atopar no seu interior e as unidades lingüísticas que as desempeñan.
 - 2.- Identificar os diferentes tipos de oracións compostas, recoñecendo os trazos básicos de cada tipo.
 - 3.- Lectura completa de tres obras en castelán
 - 4.- Coñecer os trazos característicos, así como os autores e obras máis representativas, dos distintos movementos literarios dos séculos XVIII, XIX e XX.
 - 5.- Recoñecer textos básicos das distintas etapas literarias que son obxecto de estudo neste curso.
 - 6.- Identificar os trazos característicos dos tipos de textos estudados.
 - 7.- Expoñer, argumentar, resumir e comentar usando o rexistro adecuado, con claridade e coherencia, respectando as normas gramaticais e ortográficas.
- *NOTA: Esixirase un nivel aceptable de corrección ortográfica e no uso dos signos de puntuación, así como unha expresión oral e escrita axeitada.

5.- Indicadores de logro para avaliar o proceso de ensino e a práctica docente relacionados con criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave:

Neste apartado aportamos un modelo de análise para todos os cursos e bloques. Exemplo:

<p>Bloque 3 Crit. Aval. B3.1. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as súas normas de uso para resolver problemas de comprensión de textos orais e escritos, e para a composición e a revisión progresivamente autónoma dos textos propios e alleos.</p> <p>Est. Apr. LCLB3.1.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos.</p>	<p>Logro non alcanzado.</p>	<p>Logro básico.</p>	<p>Logro medio.</p>	<p>Logro avanzado.</p>	<p>Aprender a aprender</p>
<p>Bloque 3 Crit. Aval. B3.1. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as súas normas de uso para resolver problemas de comprensión de textos orais e escritos, e para a composición e a revisión progresivamente autónoma dos textos propios e alleos.</p> <p>Est. Apr. LCLB3.1.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos.</p>	<p>Logro non alcanzado.</p>	<p>Logro básico.</p>	<p>Logro medio.</p>	<p>Logro avanzado.</p>	<p>Aprender a aprender</p>

<p>Bloque 3 Crit. Aval. B3.1. Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as súas normas de uso para resolver problemas de comprensión de textos orais e escritos, e para a composición e a revisión progresivamente autónoma dos textos propios e alleos.</p> <p>Est. Apr. LCLB3.1.1. Recoñece e explica o uso das categorías gramaticais nos textos, e utiliza este coñecemento para corrixir erros de concordancia en textos propios e alleos.</p>	<p>Logro non alcanzado.</p>	<p>Logro básico.</p>	<p>Logro medio.</p>	<p>Logro avanzado.</p>	<p>Aprender a aprender</p>
--	-----------------------------	----------------------	---------------------	------------------------	----------------------------

6.- PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN:

Se a avaliación é un proceso flexible, os procedementos haberán de ser variados. Para recoller datos poderemos servirnos de diferentes procedementos:

- A observación de comportamentos e actitudes.
- Probas orais ou escritas cunha frecuencia periódica.
- Control das actividades que se deben realizar na casa ou na clase.
- Entrega de actividades para realizar na casa.

Instrumentos de avaliación:

- **Observación sistemática**
 - Observación diaria e constante do traballo en casa e na aula.
 - Revisión semanal dos cadernos de clase.
- **Analizar as producións dos alumnos**
 - Caderno de clase.
 - Resumos.
 - Actividades en clase (exercicios, respostas a preguntas, etc.).
 - Producións escritas.

Traballos monográficos: ao longo do curso, os alumnos poderán ter que realizar uns traballos, ben escritos ou orais, ben sobre algunha materia do programa ou sobre un asunto que dea pé á realización daquel, que servirán como aliciente nas calificacións e na avaliación. Poderán realizar tamén traballos de maior calado sobre algunha das obras de lectura propostas.
- **Avaliar as exposicións orais dos alumnos**
 - Debates.
 - Postas en común.
 - Diálogos
 - Entrevistas.
- **Realizar probas específicas**
 - Obxectivas.
 - Abertas.
 - Exposición dun tema, en grupo ou individualmente.
 - Resolución de exercicios
 - Autoavaliación
 - Coavaliación
 - **Probas diarias:** cando o profesor/a o estime oportuno poderá avaliar ao alumnado oralmente en torno a unha materia que desenrolasen en casa o a algún tema previamente explicado en clase.
 - **Controles por avaliacións:** realizarase un como mínimo. Habitualmente serán dous.
 - a. El **traballo diario** del alumno en el aula es un instrumento indiscutible y eficaz de evaluación, pues no olvidemos que, en no pocas ocasiones, hay alumnos que se quedan en el suspenso por unas décimas y que la participación, el interés y la entrega en el aula hacia la materia abarcada puede ser definitivo en esa duda numérica que separa el aprobado del suspenso.

Preténdese facer:

Unha **avaliación inicial** ou de diagnóstico para coñecer aos distintos alumnos e alumnas, e determinar o punto de partida.

Nos primeiros días de clase realizarase unha avaliación inicial destinada a comprobar a competencia lingüística do alumnado que consta dos seguintes apartados:

- Comunicación oral: con actividades de comprensión e expresión oral.
- Competencia lectora: actividades destinadas a comprobar a exactitude e a velocidade lectora de alumnas e alumnos e relacionadas coa comprensión de textos escritos.
- Expresión escrita: actividades para avaliar a coherencia e a corrección gramatical e ortográfica.

- Conceptos: cuestións sobre aspectos básicos de gramática, léxico e literatura.

Trataranse os casos dos alumnos/as aos que se lle detecten carencias básicas para tomar as medidas oportunas no departamento. Ademais poderíanse aplicar actividades de reforzo relacionadas, sobre todo, coa comprensión e a expresión oral e escrita.

Avaliación continua a través de:

* Observación directa e diaria na clase. Actitude ante a asignatura. Hábitos de traballo, Participación en traballos de grupo. Corrección de tarefas realizadas en casa. Control do caderno do alumno, onde constarán tódalas actividades e traballos que se realicen durante a unidade.

* Realización de probas escritas ou orais con periodicidade de dous temas en tódolos cursos.

* Seguimento do traballo co libro de lectura pertencente a cada avaliación.

Valorarase especialmente no alumnado que:

Preste interés polas actividades realizadas en clase, así como que participe nas actividades de grupo (realizadas se a pandemia o permite).

Que respeten as diferencias persoais e poñan de manifesto o seu respecto hacia opinións, posturas ou situacións diversas ás propias.

A presentación coidada dos seus escritos, se se expresan con fluidez e cun vocabulario axeitado ao tema exposto.

TAREFAS PARA O DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE:

En cada trimestre realizarase varias tarefas e se terá en conta, entre outros aspectos, a final de curso para valorar a adquisición das competencias clave. O traballo realizarase de forma individual, en parellas ou en grupo e consiste fundamentalmente na elaboración de textos de tipoloxías variadas—tanto orais coma escritos—, textos literarios ou textos onde se poida observar a competencia lingüística dos alumnos. Nalgunhas tarefas usarán as TICs.

Puntuarase tendo en conta os seguintes aspectos:

- Presentación e uso das posibilidades que ofrecen os procesadores de texto (corrector ortográfico, marxe e sangría, negriña, cursiva,...).
- Contidos: análise axeitado dos distintos aspectos da obra ou texto.
- Corrección ortográfica e gramatical.

AVALIACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE

Para a avaliación dos estándares utilizaranse todos os instrumentos indicados neste apartado:

- no caso dos exames e os cuestionarios, así como para a avaliación da actitude, teranse en conta os contidos mínimos fixados para a materia.
- para valorar as tarefas e os traballos sobre as obras de lectura e sobre coñecemento xeral da materia establécense rúbricas de valoración nas que se precisan que estándares se están avaliando e cales son os mínimos que se deben acadar (isto aparece desenrolado no anexo). Estas matrices poden ser presentadas ao alumnado previamente e servirán para redondear a nota.

- Se seguirá o seguinte modelo como exemplo, aínda que poderá variar:

ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE EVALUABLES	NIVELES DE DESEMPEÑO			
	1 Poco adecuado	2 Adecuado	3 Muy adecuado	4 Excelente
1.1. Comprende el sentido global de textos orales propios del ámbito personal,				

ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE EVALUABLES	NIVELES DE DESEMPEÑO			
	1 Poco adecuado	2 Adecuado	3 Muy adecuado	4 Excelente
escolar y académico, y social, identificando la estructura, la información relevante y la intención comunicativa del hablante. (AA y CL)				
1.2. Anticipa ideas e infiere datos del emisor y del contenido del texto, analizando fuentes de procedencia no verbal. (AA y CL)				
2.2. Comprende el sentido global de textos orales de intención narrativa, descriptiva, instructiva, expositiva y argumentativa, identificando la información relevante, determinando el tema y reconociendo la intención comunicativa del hablante, así como su estructura y las estrategias de cohesión textual oral. (CL y CSC)				
4.1. Interviene y valora su participación en actos comunicativos orales. (CL y CSC)				
5.1. Conoce el proceso de producción de discursos orales, valorando la claridad expositiva, la adecuación y la coherencia del discurso, así como la cohesión de los contenidos. (CL)				

ESTÁNDARES DE APRENDIZAJE EVALUABLES	NIVELES DE DESEMPEÑO			
	1 Poco adecuado	2 Adecuado	3 Muy adecuado	4 Excelente
6.2. Organiza el contenido y elabora guiones previos a la intervención oral formal seleccionando la idea central y el momento en el que va a ser presentada a su auditorio, así como las ideas secundarias y ejemplos que van a apoyar su desarrollo. (AA y CL)				

Procedimientos de avaliación:

- Análise das producións dos alumnos. A través das súas producións poderemos avaliar non só os coñecementos referentes á unidade didáctica que se estea desenrolando nese momento, senón tamén a evolución da expresión e ortografía, así como a súa capacidade de resolución.

- Estas producións serán os cadernos de exercicios, exercicios diversos en fichas, comentarios, proxectos... en papel ou telemáticos dependendo da situación.

- Concretizando teremos en conta o seguinte:

- rexistro persoal en cadernos ou libretas das profesoras
- recollida de actividades (fichas, resumes, traballos, comentario, textos...)
- cadernos de clase a través de fotos que mandan aos correos das profesoras
- elaboración de diarios persoais
- creacións persoais
- probas telemáticas ou presenciais se son posibles

7.- Criterios sobre a avaliación, calificación e promoción do alumnado:

A continuación, presentamos os criterios, porcentaxes e sistema de avaliación que a principio do curso se comunicarán ao alumnado e que lles axudarán a entender como serán avaliados ao longo do ano académico e o que han de facer para superar a materia en caso de ter dificultades nalgunha das avaliacións.

Isto pode aparecer matizado dentro de la programación en el apartado de cada curso, atendendo ás súas particularidades.

Son imprescindibles para superar a materia:

- **A actitude positiva e aberta ante a aprendizaxe**, manifestada día a día no traballo de clase e no de casa, con desexo de superación e afán de aprender. Insístese nesta primeira premisa porque se considera que é base no proceso de ensinanza e aprendizaxe.

- **Traer os materiais necesarios para a clase** (caderno, libros, bolígrafos), e os que se soliciten con ocasión dalgún tema (letras de cancións, recortes de prensa, anuncios...), materiais dixitais...

- **A participación en clase, respecto, diálogo e espírito de cooperación.**

- **O caderno de clase según as normas que se establecen ao empezar o curso.** Debe estar sempre ao día, correcto, ordeado, con clara caligrafía e con todas as actividades que se realicen. Neste caderno queda reflexado todo o traballo do curso, así como a atención en clase, a toma de notas, a corrección de exercicios, a creatividade....

- **Traballar en clase e en casa**, seguindo de maneira activa e responsable o proceso de adquisición e aplicación das competencias determinadas polo currículo e a programación.

A avaliación será continua, integradora e progresiva. Partirase dunha avaliación inicial, realizada nos primeiros días de clase co obxectivo de detectar aqueles contidos e competencias necesarios non adquiridos, ou non asentados coa seguridade suficiente. Teranse en conta os informes previos presentados por Orientación

O sistema de avaliación continua concrétase nas seguintes porcentaxes

	2ºESO	4ºESO
PROBAS OBXECTIVAS	75,00%	80%
LECTURA/S OBLIGATORIA/S	10,00%	10,00%
TRABALLO DIARIO (NA CASA E NA CADERNO	15,00%	10,00%

► **Probas obxectivas:** Realizarase como mínimo unha proba obxectiva ao longo de cada trimestre, cuxa data se sinalará ao principio de cada un dos citados trimestres. Esta data estará sometida a variables en función deo decurso docente.

Os exames reflectirán e valorarán os contidos e competencias estudados e traballados en clase antes de cada proba. **Valorarase especialmente o traballo de reflexión e de relación entre os contidos e no tanto a pura exposición memorística duns contidos que o alumnado non chegara a entender.**

Según os contidos que engloben as diferentes probas, as porcentaxes das mesmas poderán variar.

No caso de copiar ou facer uso de calqueira tipo de dispositivo electrónico (teléfono móbil, reloxo intelixente...) nunha proba ou exame, o alumno será apercibido publicamente e suspenderá o exercicio cun 0.

Se un alumno falta a unha proba escrita, só se lle repetirá se aporta un XUSTIFICANTE OFICIAL que acredite a imposibilidade de facer o exame na data fixada. O alumno realizará o exame o mesmo día que se presente no centro ou, como moi tarde, ao día seguinte.

► **Control de lectura ou traballo do libro obrigatorio.** O control de lectura ou o traballo do libro obrigatorio poderá ser realizado mediante probas escritas ou orais, diarias ou ao final dun período de tempo, e sempre se lle dará maior importancia na nota á aportación orixinal que o alumno poida ofrecer a través dun proceso de reflexión e interiorización do texto en cuestión.

► **Traballo diario en casa e na aula e caderno:** Observación directa, actividades para entregar, exposicións, caderno de clase...

Se un traballo persoal denota signos evidentes de ser copiado, a puntuación será a nota mínima permitida pola lei. Se o traballo foi copiado dun compañeiro serán penalizados tanto o que copiou como o que permitiu ser copiado.

A nota final do curso será o promedio ponderado das tres avaliacións para 3º e 4º da ESO:

1ª AVALIACIÓN	20%
2ª AVALIACIÓN	30%
3ª AVALIACIÓN	50%

Expresión e cuestións formais

Na calificación dos exames, así como de calqueira traballo escrito se terán en conta a corrección formal e a destreza do alumnado no uso escrito da lingua. Así, **se poderá descontar da calificación global ata un máximo de 2 puntos** por erros relacionados cos seguintes aspectos: *carencias graves no que se refire a unha presentación correcta do exame; emprego de rexistros coloquiais ou vulgares; carencias en canto ao ordeamento lóxico da información ou á estruturación dos párrafos; erros graves de puntuación ou de uso dos conectores; erros no uso das normas ortográficas. Así como erros gráficos: non respectar os marxes no texto, facer uso excesivo de tachóns e tipex, non realizar un interlineado axeitado, etc.* Deste modo, os erros se computan segundo diferentes niveis de gravidade:

- **Descontarase 0,1 puntos por cada til e 0,2 por cada grafía incorrecta en palabras distintas.**

- **A falta de marxes, limpeza, estruturación, así como outras faltas arriba mencionadas penalizarase con 0,25 puntos.**

- Criterios de recuperación:

O primeiro sistema será comunicar durante cada trimestre aos alumnos que non cheguen á consecución das competencias necesarias, a situación, e propoñerlles reforzos específicos en función das súas necesidades e demandas individuais.

A) para 2º ESO

A avaliación será progresiva e continua, polo que **o feito de aprobar unha avaliación recupera a anterior**. Se o alumno/a suspendera todas as avaliacións, disporá **dunha proba obxectiva final en xuño**, que permita reavaliar a aqueles alumnos/as, que tras todas as medidas necesarias (traballos, reforzos, cambios metodolóxicos), non alcancen unha valoración positiva.

B) para 4º ESO

Se nunha avaliación o alumno/a non chegase ao 5, será avaliado negativamente en dita avaliación.

A nota final do curso calcularase da forma anteriormente indicada. Quen non alcance o 5 na nota final realizará a finais de maio pu principios de **xuño un exame de recuperación global ou diferente de lingua e de literatura**. Tamén deberán demostrar ter lido os libros de lectura, se non o fixeron xa. Así, a nota final na recuperación calcularase da seguinte forma:

- Lingua: 45%

- Literatura: 45%
- Libros de lectura: 10%
- A finais de xuño haberá una proba extraordinaria que seguirá as mesmas pautas que para a proba global final.

Tamén poderá haber unha avaliación da consecución das competencias por cada avaliación e na avaliación ordinaria e extraordinaria. Cubrirase a ficha seguinte cos tantos por cento diferentes para cada competencia:

NOME E APELIDOS:						GRUPO:		
	CCL (Comunicación Lingüística) 40%	CMCCT (Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía) 5%	CD (Competencia dixital) 5%	CAA (Competencia aprender a aprender) 20%	CSC (Competencias sociais e cívicas) 10%	CSIEE (Sentido de iniciativa e espírito emprendedor) 10%	CCEC (Conciencia e expresións culturais) 10%	Total
1ª Aval.								
2ª Aval.								
3ª Aval.								
Avaliación Ordinaria								
Avaliación Extra.								

Asistencia a clase: Entendemos que as reiteradas faltas de asistencia a clase non son recuperables e impiden a un alumno/a alcanzar os obxectivos propostos na programación y obter unha calificación positiva neste curso, polo tanto é moi importante dita asistencia.

Abandono escolar: Con respecto o alumnado que por abandono escolar perda o dereito á avaliación continua, o departamento acordou remitir aos alumnos na citada situación a un examen final

de suficiencia durante o mes de xuño onde se ponderarán exclusivamente os coñecimentos explicitados no currículo e nos criterios de avaliación concretados na nosa programación didáctica.

PROBA DE XUÑO:

Aqueles alumnos/-as que non aproben a materia en xuño, examinaranse de todo o temario nunhas probas neste mesmo mes. A estrutura do exame poderá ter:

- Texto das tipoloxías estudadas este curso con preguntas para medir o nivel de competencia lingüística nos aspectos relacionados coa comprensión lectora e a expresión escrita.
- Preguntas para medir o nivel de competencia lingüística e literaria nos aspectos relacionados coa comprensión lectora e a expresión escrita.
- Preguntas sobre o bloque de coñecemento da lingua (gramática, ortografía e léxico), poden estar referidas a un texto ou non, predominantemente serán de tipo práctico.
- Preguntas sobre educación literaria; poderán ser de tipo teórico ou práctico.

Valoraranse tanto os contidos como a presentación, expresión e ortografía. Para aprobar é necesario sacar unha nota mínima de 5.

8.- Concrecións metodolóxicas que require a materia:

Debe concebirse a educación como un proceso constructivo no que a actitude que manteñen profesor e alumno permite a aprendizaxe significativa.

Como consecuencia desa concepción constructivista o alumno convírtese en motor do seu propio proceso de aprendizaxe ó modificar el mesmo os seus esquemas de coñecemento. Xunto a el, o profesor exerce o papel de guía ó poñer en contacto os coñecementos e as experiencias previas do alumno cos novos contidos. Esta concepción do ensino permite ó alumno empregar-lo aprendido en circunstancias reais, ben levándoo á práctica, ben utilizándoo como instrumento para lograr novas aprendizaxes.

O currículo da área de Lingua Castelá e Literatura para a etapa de Educación Secundaria pretende potenciar a capacidade de comunicación lingüística dos alumnos e propicia-la reflexión permanente sobre a linguaxe como medio de comunicación, de representación, de regulación da propia actividade e de goce estético.

Por eso imos articular os contidos de toda a E.S.O. en torno a tres grandes bloques: estudio do texto, estudio da lingua e da literatura.

- Estudio do texto:

Dota ós alumnos dun sistema que lles permite traballar distintos tipos de textos, para iso seguimos tres pasos:

1.- Coñecer a teoría dos diversos tipos de textos: narrativos, descriptivos, expositivos, argumentativos...Este primeiro paso concrétese no coñecemento das estruturas que permiten as diferentes organizacións textuais, así como as marcas e outras características que definen a cada unha delas.

2.- Formalizar a teoría en conceptos e observala directamente a través da lectura de textos e da análise dos mesmos.

3.- Aplicar os coñecementos adquiridos á produción oral e escrita de textos do mesmo tipo.

- Estudio da lingua:

Fomenta nos alumnos unha actitude permanente de análise e reflexión sobre a mesma. Para que esta actitude sexa fructífera:

1.- Adquirir os coñecementos relativos ós mecanismos fonéticos, morfolóxicos, sintácticos, semánticos e textuais que regulan o funcionamento do sistema lingüístico.

2.- Observar e comprobar o funcionamento do sistema a través do traballo coas diferentes unidades lingüísticas (textos, enunciados, palabras...).

3.- Adquirir aqueles coñecementos que permiten un uso preciso e correcto da linguaxe e que fan posible evitar as incorreccións e resolver as principais dúbidas que se plantexan no uso diario da linguaxe.

- Literatura:

Este terceiro bloque fomenta unha iniciación ó texto literario. O seu estudio e análise realízase considerando a literatura nunha dobre vertente:

1.- Como produto que nace nun determinado contexto, social e cultural. Este enfoque fainos plantexar a necesidade de traballar na aula a historia da literatura. Para poder reconstruír a historia da literatura é necesario fixar os rasgos pertinentes ou característicos que nos permiten atribuír ese texto a un autor, movemento literario, época...

2.- Como medio de comunicación que provoca determinadas impresións. O carácter comunicativo das producións literarias permítenos establecer unha dobre vía de traballo: por un lado faise necesario coñecer os autores máis significativos e ler as súas principais obras; por outro ofrécese a posibilidade de crear textos de intención literaria seguindo os modelos propostos e aportando un estilo propio e persoal. Ademais o alumno traballará sobre o texto como signo lingüístico: buscará o significado, a comunicación do texto (argumento, tema, sensacións...) e a significación dos recursos, técnicas, figuras... que ás veces non só realzan o significado senón que o configuran. Por tanto o alumno debe encontrar a adecuación do significante ó significado para acadar unha comprensión global da mensaxe do texto.

Ambas direccións requiren o coñecemento dun repertorio técnico á medida das necesidades, por tanto, progresivo, e o coñecemento dos rasgos ou características de cada movemento literario.

A causa da extensión dos programas destes cursos, resulta difícil para o profesor explicar tantos aspectos teóricos cunha certa profundidade e realizar á vez actividades prácticas. Por isto, parece convinte reducir ó fundamental os contidos teóricos e facer especial fincapé en aspectos prácticos: comentarios, exercicios, lecturas...

O proceso de ensino-aprendizaxe, nos bloques de contido, segue o procedemento da aprendizaxe natural, a partir do que saben e usan os e as estudantes ata o que aprenden, reflexionando sobre iso e asumíndoo como propio, para poder usalo. A clase convértese no medio idóneo para levar a cabo unha metodoloxía activa coa que o alumnado resuelva problemas, utilizando e compartindo información, aprendendo a autoavaliar o proceso que seguiu co fin de chegar a ser máis capaz de conducirse autonomamente.

Os procedementos convértense no elemento vertebrador da área de lingua castelá e literatura, pois deben levar ao alumnado ao desenvolvemento de habilidades na expresión e comprensión oral e escrita en contextos significativos, ademais de coñecer, valorar e gozar do feito literario, tendo sempre presente que os resultados, en educación, son a longo prazo,

e que se concretan nunha competencia individual para a aprendizaxe posterior, dentro ou fóra das aulas.

O currículo da área de Lingua castelá e Literatura pretende potenciar a capacidade de comunicación lingüística dos/-as alumnos/-as e propiciar a reflexión permanente sobre a linguaxe como medio de comunicación, de representación, de regulación da propia actividade e de goce estético.

En caso de ensinanza semipresencial ou non presencial o seguinte pasará a ser primordial:

Empregarase a **plataforma de E-Dixgal** para poñer as tarefas. Os alumnos farán na plataforma as actividades e as profesoras corrixiranas alí e as devolverán corrixidas individualmente a a cada alumno.

Os alumnos poderán enviar tamén as tarefas ao **correo electrónico** das profesoras, que tamén as corrixirán individualmente e as devolverán corrixidas.

Periodicamente mandaranse unhas tarefas que comprenderán varios exercicios, e que se deberán entregar ao finalizar o periodo que se marque.

Os exercicios das tarefas serán de diferente tipo: de completar, de elixir a grafía axeitada, de análise de sintagmas, de localización de certos elementos, de diferenciación, de redacción, de creación (microrrelatos, cómics, poesías..)...

Para as actividades de ampliación enviaráselles a explicación dos novos contidos con exemplos feitos polas profesoras. Logo os alumnos deberán facer actividades similares ás que fixo a profesora e entregalas.

Todos os alumnos teñen a plataforma Edixgal instalada nun ordenador que o centro entrega aos alumnos a comezo de curso e que poden levar para a casa. No caso de que non os leven, poden acceder a esta plataforma desde o ordenador das súas casas empregando unha contrasinal que se lle asigna a comezo de curso.

A través de E-Dixgal as profesoras teñen acceso a un servizo de mensaxería co alumno e viceversa.

9.- Materiais e recursos:

Tomando como marco de referencia os criterios de selección de materiais curriculares que están recollidos no proxecto curricular do centro e constatando a súa pertinencia didáctica e adecuación ás características do grupo de alumnos, seleccionámos o seguinte material de traballo:

- Libro de texto:

2º ESO: Libros dixitais do proxecto E-DIXGAL.

4º ESO: Libros dixitais do proxecto E-DIXGAL.

- Lengua Castellana y Literatura. Ed. VicensVives e doutras editoriais.

- Cadernos de ortografía e de Gramática: Refuerzo 3 y 4. Editorial Almadraba.

- Cadernos da colección Mis Juguetes las Palabras y mi amigo el diccionario (7,8,9 e 10)

- Cuadernos para la diversidad (1 e 3). Ed. Vicens Vives

- Libretas de competencias básicas (1 e 3). Ed. Vicens Vives

- Cadernos de Ortografía, Gramática, Comprensión lectora e expresión escrita dos catro cursos da ESO da editorial Vicens Vives.

- Cadernos Aprueba tus exámenes de 1º, 2º, 3º e 4º de ESO.

- Material diverso fotocopiado.

- Libros da biblioteca do centro.

- Material audiovisual.

- Libros de lectura:

CURSO	LECTURAS PROPOSTAS	
2º ESO	1ºAvaliación	<i>EL PRÍNCIPE DE LA NIEBLA, Carlos Ruiz Zafón, Planeta</i>
	2ºEvaluación	<i>NUNCA SERÉ TÚ HÉROE, María Menéndez Ponte, SM</i>
	3ºEvaluación	<i>LAS LÁGRIMAS DE SHIVA, César Mallorquí, Edebé.</i>

CURSO	LECTURAS PROPOSTAS	
4º ESO	1ºAvaliación	“Marina” de Carlos Ruiz Zafón. Booket.

	2ºAvaliación	“Tierra” de Eloy Moreno. Penguin.
	3ºAvaliación	“La dama del alba” de Alejandro Casona. Editorial Vicens Vives.

- Recursos TICS variados.

– - Na plataforma E-Dixgal e na Aula Virtual trataranse: Fichas de actividades de elaboración propia, fichas de actividades sacadas de diferentes páxinas webs de Internet, fichas de actividades sacadas de libros, tutoriais de aprendizaxe de diferentes aspectos da materia, apontamentos teóricos sacados de libros ou de Internet... Serán estas actividades complementarias na ensinanza presencial.

10.- Organización das actividades de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes:

Alumnado de materia pendente	<p>Criterios de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - 1º ESO: <ul style="list-style-type: none"> . Escribir textos en diferentes soportes e formatos, en relación co ámbito de uso. . Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as súas normas de uso para resolver problemas de comprensión de textos orais e escritos e para a composición e a revisión progresivamente autónoma dos textos propios e alleos. . Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos. - 2º ESO: <ul style="list-style-type: none"> . Escribir textos en diferentes soportes e formatos, en relación co ámbito de uso. . Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as súas normas de uso para resolver problemas de comprensión de textos orais e escritos, e para a composición e a revisión progresivamente autónoma dos textos propios e alleos. . Comprender e valorar as relacións de igualdade e de contrariedade que se establecen entre as palabras e o seu uso no discurso oral e escrito. . Reflexionar sobre o sistema e as normas de uso das linguas, mediante a comparación e a transformación de textos, enunciados e palabras, e utilizar estes coñecementos para solucionar problemas de comprensión e para a produción de textos - 3º ESO: <ul style="list-style-type: none"> . Ler, comprender, interpretar e valorar textos en diferentes formatos e soportes. . Aplicar progresivamente as estratexias necesarias para producir textos adecuados, coherentes e cohesionados. . Aplicar os coñecementos sobre a lingua e as súas normas de uso para resolver problemas de comprensión de textos orais e escritos, e para a
-------------------------------------	---

	<p>composición e a revisión progresivamente autónoma dos textos propios e alleos, utilizando a terminoloxía gramatical necesaria para a explicación dos usos da lingua.</p> <ul style="list-style-type: none"> . Observar, recoñecer e explicar os usos dos grupos nominais, adxectivais, verbais, preposicionais e adverbais dentro do marco da oración simple. . Recoñecer, usar e explicar os elementos constitutivos da oración simple. . Comprender textos literarios representativos desde o século XVIII aos nosos días, recoñecendo a intención do/da autor/a, o tema e os trazos propios do xénero ao que pertence, e relacionando o seu contido co contexto sociocultural e literario da época, ou doutras épocas, e expresando a relación con xuízos persoais razoados.
	<p>Criterios de cualificación: Os alumnos que non aproben a materia do curso seguinte ao suspenso teñen dereito a unha proba telemática ou presencial en maio. Terán que obter como mínimo un 5. Cando se faga a proba de maio valoraranse positivamente os seguintes aspectos:</p> <ol style="list-style-type: none"> 1. Corrección formal e ortográfica. 2. Capacidade de síntese. 3. Capacidade de definición. 4. Capacidade de argumentación e razonamento. 5. Capacidade de relación e explicación <p>Pola comisión na proba de faltas de ortografía descontarase 0,2 e 0,1 por cada til. A falta de marxes, limpeza, estruturación, así como outras faltas arriba mencionadas penalizarase con 0,25 puntos.</p> <p>No desenrolo do curso seguinte ao suspenso tamén se teñen en conta estes aspectos.</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <ul style="list-style-type: none"> - Priorizaranse os contidos procedimentais e actitudinais de maneira que, se o alumno demostra bon nivel nestes aspectos e logrou aprobar as 1º e 2º avaliacións do seguinte curso, darase por recuperada a materia. - Estableceranse actividades de reforzo en cadernos sobre os contidos básicos da materia. Estas actividades serán realizadas polos alumnos ao longo dun periodo previamente determinado, presentaranse á profesora que llos correxirá. Haberá dúas entregas. - Realización dunha proba telemática para alumnos que non aproben o curso seguinte.

No presente curso 2021/22 hai seis alumnos coa materia pendente:

- **2 alumnos** de 2º ESO coa materia pendente de 1ª ESO

- **2 alumnos** de 3º ESO coa materia pendente de 2º ESO

O alumnado con esta materia pendente de cursos anteriores poderá aprobar se supera positivamente a primeira e/ou a segunda avaliación do presente curso. De non ser así, as profesoras poderán darlle unha batería de actividades que deberá entregar correctamente realizadas antes do mes de maio e/ou tamén deberá presentarse ao exame final en maio na data fixada por Xefatura de Estudos.

Os alumnos coa materia pendente terán que realizar exercicios que aparecen por exemplo nos cadernos de Ortografía e Gramática da editorial Vicens Vives, en Aprueba tus exámenes de Oxford ou outros que se indiquen e entregalos nos prazos que se establezan.

Poderanse mandar outros exercicios a partir da entrega dos primeiros e o observado na aula e vistas as dificultades do alumno na materia. Por exemplo poderase suxerir que fagan os cadernos de Comprensión lectora e Expresión escrita 1, 2, ou 3 da Editorial Vicens Vives.

Entregados estes exercicios, como xa espuxemos, farase unha proba en maio.

En calqueira momento o alumno/a poderá solicitar aclaracións ou explicacións puntuais da materia pendente ás profesoras.

Os alumnos que non alcancen a avaliación positiva na convocatoria ordinaria, deberán presentarse a unha prueba obxectiva no mes de xuño (convocatoria extraordinaria). Esta proba obxectiva será un único exame sobre 10 puntos. En todas estas probas obxectivas a nota MÍNIMA de valoración positiva será o 5.

11.- Deseño da avaliación inicial e medidas individuais ou colectivas que se poidan adoptar como consecuencia dos seus resultados:

Preténdese que a avaliación sexa continua, formativa e integrada no proceso de ensinanza-aprendizaxe e para isto, pártese dunha avaliación inicial coa que se pretenden valorar os coñecementos previos e os esquemas mentais do alumnado. Esta avaliación pode ser unha proba inicial que oriente hacia o establecemento das estratexias de aprendizaxe e a a realización das actividades máis apropiadas. O alumnado fará os primeiros días de clase unha proba que constará de preguntas relativas a aspectos básicos da materia, tanto de expresión e comprensión oral e escrita, como de conceptos básicos de Lingua castelá e Literatura, co fin de verificar os coñecementos previos dos alumnos e de propoñer e executar medidas de reforzo educativo e outras que se consideren necesarias.

As profesoras correxirán a proba e decidirán se poñer ou non nota.

As probas escritas complementaranse con exercicios específicos

Dependendo dos resultados da avaliación inicial poderá haber cambios no desenvolvemento da programación (cambios de orde ou reforzo de certas cuestións) ou se farán repasos xerais ou específicos.

12.- Medidas de atención á diversidade:

Como en calquera outra área de contido, na área de Lingua Castelá e Literatura o proceso didáctico debe estar orientado a asegurar un nivel mínimo para tódolos alumnos, pero tamén debe concebirse de modo que asegure un horizonte de desenrolo máis alá dos mínimos para todos

aqueles alumnos que partan dun nivel maior de coñecementos previos, estean máis interesados polos contidos da área ou teñan maior capacidade. Reforzo, ampliación e control do proceso didáctico son, polo tanto, claves na atención á diversidade.

A atención á diversidade contéplase nesta materia en tres niveis: na programación, na metodoloxía e nos materiais.

1.- Atención á diversidade na programación:

Son varios os criterios de programación que responden á necesidade de atender á diversidade do alumnado. Deles os máis destacados son:

- A distribución dos contidos en trimestres: os contidos dos distintos programas organízanse en unidades naturais que corresponden ó trimestre. Esta organización, reforzada polos repasos que se sitúan ó final de cada trimestre permite consolidar conceptos, procedimentos e actitudes e ofrece oportunidades para recuperar o non adquirido no seu momento.

- A secuenciación nunha orde crecente de dificultade e de especialización: a ortografía, por exemplo, prográmase desde o máis xeral –os principios ortográficos de representación dos sons, de acentuación e de partición de palabras- ó máis especializado e de maior nivel – homónimos e parónimos- e o mesmo cabe dicir doutros programas como estudos do texto –da narración á argumentación- ou gramática –dos compoñentes da oración á oración composta-. Esta forma de secuenciar permite reforzalo básico e saber en que momento do proceso está o alumno.

- A programación cíclica entre ciclos, de modo que no segundo ciclo retómanse os contidos máis especializados do primeiro ciclo. No caso, por exemplo, da exposición, a argumentación e os medios de comunicación, que constitúen o programa de estudo do 2º curso e se retoman con maior profundidade no 3º e 4º; e o mesmo ocorre coa oración que se inicia no 3º trimestre do 2º curso e desenrólase no 3º e 4º curso.

- A programación de actividades de ampliación e investigación: estas actividades que no primeiro ciclo son simplemente suxerencias para o profesor, favorecen as técnicas de traballo autónomo e permiten que cada alumno escolla as actividades máis acordes cos seus intereses e aplique o ritmo e a forma de traballo máis adecuados ás súas características individuais

- A programación de actividades de reforzo que aparecen tanto no libro de texto como en fichas de reforzo.

2.- Atención á diversidade na metodoloxía:

A atención á diversidade está contemplada tamén na metodoloxía e nas estratexias didácticas concretas que van aplicarse na aula. Algunos exemplos son:

- A importancia da linguaxe persoal de cada alumno como eixo do proceso didáctico: intentarase tomar como punto de partida os usos persoais da linguaxe. De feito, a expresión oral e a composición escrita só poden traballarse con un método individualizado que teña como punto de partida de cada alumno as súas dificultades específicas e a súa zona próxima de desenrolo. Isto non quere dicir que o alumno traballe de forma illada; polo contrario, intentarase crear a través de actividades un ambiente de socialización acorde coa función comunicativa da linguaxe e introducir mecanismos de socialización (corrección colectiva, tormenta de ideas, traballos en grupo, postas en común...).

- A organización secuenciada e progresiva das actividades: considerarase que cada actividade é un paso que conduce á adquisición dun determinado procedemento. Así nas actividades adicadas á construción de textos, a descripción se traballa coa seguinte secuenciación: definición do propósito, observación do obxecto da descripción, enumeración dos rasgos característicos, ordenación das características e redacción.

3.- Atención á diversidade nos materiais utilizados:

A atención á diversidade contéplase tamén no conxunto de materiais que se empregan na clase. Así xunto ao libro de texto ofreceranse outros materiais de reforzo e ampliación que poden utilizarse segundo as necesidades e as características concretas dos alumnos. Destacan os seguintes:

- Cadernos de práctica sobre aqueles contidos que sexan máis difíciles, como ocorre coa ortografía.
- Materiais destinados a ampliar e profundizar na análise reflexiva sobre os textos, atendendo sistemáticamente a aspectos como a situación de comunicación, o contido, a organización...
- Cadernos de creación nos que se aplican as estratexias comunicativas aprendidas na aula, á vez que se adopta un estilo propio de expresión.

Con respecto aos alumnos con TDAH teranse en conta as seguintes pautas e estratexias:

Situación do alumnado na aula. Sentalo nun lugar no que poidamos ter vixilancia continua, preto do profesor e lonxe de distraccións. Elixir para el compañeiros que lle poidan axudar a realizar tarefas, tomar anotacións e que non o distraian.

Manter un ambiente estruturado, con rutinas estables, motivador, e predicible. Co obxectivo de que o alumno saiba o que ten que facer en cada momento e se sinta seguro na aula. É bo utilizar material visual para recordar o alumno en que momento do traballo de clase nos encontramos.

Tarefas e deberes. É conveniente **reducir e fragmentar** as actividades. Utilizar un formato simple e claro. Supervisar os exercicios a medida que os remata e asegurarse de que coñece as tarefas que ten que realizar. Aconséllase utilizar reforzos e apoios visuais na instrución oral e variar os exercicios. **Non sobrecargar** de tarefas para casa o alumno, seleccionar ben aquelas actividades que se consideren máis importantes.

O traballo na aula. Asegurarse de que entendeu o que se lle pide, establecer contacto ocular con frecuencia e dar as instrucións dunha nunha. Advertir individualmente ao alumno dos cambios de actividade. Resaltar a información importante aumentando o ton de voz, utilizando cores ou tamaños da escritura, etc. Incluírse actividades que poidan resultar máis motivadoras e utilizarse o reforzo inmediato dos progresos do alumno. Negociar co alumno os períodos de atención individual e **grupal**, segmentando aquelas tarefas máis longas ou difíciles.

As estratexias expositivas. A memoria de traballo do alumno con **TDAH** adoita presentar algunhas dificultades, xa que a súa capacidade está limitada pola cantidade de información que pode reter **simultaneamente** e o tempo que pode ser mantida. Para compensar esta carencia convén que o profesorado, cando explique en presenza dun alumno con **TDAH**, teña en conta o seguinte:

- utilizar frases curtas, claras con construcións sintácticas sinxelas;
- **focalizar** a atención nos conceptos "claves"
- presentar a idea principal explicitamente ao principio da explicación;
- utilizar estratexias de categorización e de formación de imaxes mentais dos conceptos;
- proporcionar ao alumno un sistema de titoría por parte dun compañeiro que lle axude a revisar os puntos fundamentais da explicación.

O docente asegurárase de que o alumno entende o exposto e de que copiou o que o profesor sinalou. Así mesmo recordaranse as tarefas pendentes de entregar segundo se vaia aproximando a data. É convinte deixalo por escrito nun lugar da clase visible para o alumno.

Exames e probas escritas. Débense alternar a forma de presentación das cuestións a responder polo alumno, de forma oral, escrita ou valéndose das novas tecnoloxías. Aconséllase **dividir os exames** ou probas escritas en dúas sesións polo menos, sendo **flexibles na súa duración**. É mellor realizar dúas probas curtas en días sucesivos que efectuar unha longa nun só día. O texto dos exames presentáraselle escrito e resaltando as partes máis importantes de cada cuestión. As preguntas serán breves e pechadas. Convén ir indicando ao alumno que controle o tempo e vaia repasando o realizado.

Uso da axenda. O profesorado fomentará o uso da axenda xa que pode cumprir tanto o obxectivo de axudar ao alumno a levar ao día as súas tarefas coma o de servir de canle de comunicación coa familia. É necesaria a **supervisión** tanto do profesor coma dos pais para que o alumno aprenda a usar a axenda. O profesor dedicará un tempo cada día para que o alumno anote as tarefas na axenda. É importante que o alumno e os pais teñan acceso ás datas de **exames con suficiente antelación**, o contido que se debe preparar, as datas previstas para a entrega de traballos, os libros que deben ler, etc. para planificar os tempos de estudo e a supervisión familiar. Asegurarse de que levan á casa o material necesario para realizar as tarefas. A axenda pódese converter nun espazo idóneo para reforzar e eloxiar o bo comportamento do neno, evitando o seu uso como intercambio de críticas e aspectos negativos da conduta ou o rendemento do neno. Cando haxa que comunicar aos pais aspectos negativos da conduta ou do rendemento é preferible escribir: "necesito falar con vostedes" ou "solicitar cita", en vez de escribir "hoxe tampouco fixo os deberes". Ter en conta que a axenda é do alumno e ten acceso a todo o que se escribe por ambas as dúas partes.

Estratexias para mellorar a conduta. O obxectivo é aumentar os comportamentos apropiados e diminuír os comportamentos inadecuados. Cada vez que se produce unha consecuencia positiva a unha conduta auméntase a probabilidade de que se incremente a devandita conduta. Son criterios xerais de manexo da conduta: utilizar o **reforzo positivo** de comportamentos axeitados ou as súas aproximacións; evitar as recriminacións verbais; ignorar os comportamentos de levantarse, removeirse no asento; utilizar táboas de puntos para conseguir premios ou incentivos; permitir ao neno momentos de desaforo erguéndose, facendo algún recado; establecer consignas non verbais co alumno para advertirle do incumprimento dalgunha norma, etc.

Estratexias para mellorar a reflexividade. Existen algunhas técnicas moi útiles no adestramento cognitivo e o control **atencional** específicas para os nenos con **TDAH**. Estas técnicas levan consigo axudar o neno a adquirir estratexias de tipo analítico durante o proceso de aprendizaxe: adestrar o mantemento da atención, fragmentar en pequenos pasos e apoiarse en explicacións verbais detalladas, seleccionar a información relevante, axudar a decidir cando se chegou á solución dun problema. Outras estratexias inciden en ensinar ao neno a falar con el mesmo, a explicarse paso a paso o que ten que facer (adestramento auto **instruccional**); proporcionarlle estratexias de memorización; ensinar diferentes formas de solucionar un problema para que aprenda a xeneralizar; proporcionarlle axudas para o repaso e a autoavaliación. Outra estratexia será supervisar a orde na súa mesa e os materiais, diciéndole como debe facelo ata que se converta nun hábito.

Mellora da motivación e autoestima. Fomentar unha **relación positiva** entre o alumno e o profesor, baseada no coñecemento e a comprensión do problema. Procurar que o alumno con **TDAH** teña **experiencias de éxito** en relación á aprendizaxe escolar, reforzando calquera pequeno logro ou avance. Axudarlle a aceptar as dificultades e os erros de forma obxectiva sen que se sinta

menosprezado, ofrecerlle confianza e proxectar expectativas positivas, facer correccións respecto á súa tarefa achegando propostas de mellora. As emocións inflúen de forma determinante na motivación, os nenos con TDAH teñen, polo xeral, baixa tolerancia á frustración e dificultades para atrasar as gratificacións, por esta razón beneficiarase da axuda para coñecer e manexar as súas emocións negativas e positivas e identificar os seus desexos, sentimentos e pensamentos tanto de si mesmo coma dos demais. Ensinar todo o grupo a ser empático e a comprender as emocións dos demais.

Dificultades de aprendizaxe. Xa se sinalou que o TDAH pode ir acompañado dalgunhas dificultades de aprendizaxe. Nestes casos as devanditas dificultades deben ser abordadas de forma específica. Unha das dificultades que se presenta na maioría dos alumnos con TDAH é a escritura. Adoitan ter unha caligrafía pouco aceptable, polo que outro obxectivo a conseguir será que adquiera unha escritura lexible, sen chegar a ser obsesivos coa caligrafía.

Con respecto aos alumnos co síndrome de Asperger:

PRINCIPIAS DIFICULTADES DE APRENDIZAXE E ESTRATEXIAS DE INTERVENCIÓN.

Non todos os nenos con SA parécense entre si. De igual maneira que cada neno con SA ten a súa propia personalidade única, os síntomas "típicos" do SA maniféstanse de modo diferente en cada unha das persoas. En consecuencia, non existe unha receita única que se poida aplicar en clase para todos os nenos con SA ao igual que ningún método educativo responde ás necesidades de todos e cada un dos nenos que non están afectados polo SA.

DEBE TERSE MOI CLARO POR PARTE DO PROFESORADO QUE UN NENO OU NENA QUE ESTÁ DIAGNOSTICADO DE SÍNDROME DE ASPERGER, NON PRESENTA ESTAS CONDUCTAS POR ESTAR MALCRIADO NIN POR DESIDIA SENÓN POLO SEU TRASTORNO NEUROLÓXICO.

A continuación, descríbense **dez características** que definen o síndrome de Asperger, seguidas de orientacións e estratexias para tratar estes síntomas na clase.

1. Insistencia nas rutinas

Os nenos con SA encóntranse doadamente superados fronte a mínimos cambios, son altamente sensibles aos factores ambientais estresantes e ás veces actúan de forma ritual. Están ansiosos e tenden a preocuparse de modo obsesivo cando non saben que esperar, o estrés o cansazo e unha sobrecarga sensorial desequilíbranos doadamente.

Orientacións de Programación

- . Proporcionarlles un ambiente predecible e seguro.
- . Minimizar as transicións.
- . Ofrecer unha rutina diaria constante: o neno con SA debe entender a rutina diaria e saber o que lle espera, para poder concentrarse nunha determinada tarefa.
- . Evitar as sorpresas: preparar ó neno minuciosamente e con anticipación fronte a actividades especiais, cambios no horario ou calquera outro cambio na rutina, por mínimo que sexa.

2. Discapacidade para a interacción social

Os nenos con SA:

- mostran pouca capacidade para comprender regras sociais complexas
- non posúen intuición ou instinto social
- son cándidos
- son extremadamente egocéntricos
- pode non gustarlles o contacto físico
- usan un ton de voz monótono ou pomposo e pouco natural
- utilizan a mirada e a linguaxe corporal de modo inapropiado
- son pouco sensibles e teñen pouco tacto
- non interpretan ben as claves sociais
- non poden entender a "distancia social"
- posúen pouca habilidade para iniciar e soste conversacións
- teñen unha linguaxe ben desenvolvida pero a súa comunicación é pobre
- aproveítanse con facilidade deles (xa que non perciben que os demais, ás veces, lles minten ou lles fan trampa)
- e normalmente desexan formar parte do mundo social.

Orientacións de programación

- Protexer ó neno fronte a intimidacións e burlas. Cando o profesor divida o grupo en equipos é recomendable seleccionar ós integrantes, en lugar de deixar que os nenos elixan ós membros, xa que isto aumenta as posibilidades de que o neno quede fóra ou reciba mofas. Nos grupos de maior idade é cando a ineptitude social é severa, intentar educar os seus compañeiros sobre o neno con SA describindo os seus problemas sociais como unha auténtica minusvalía. Loar ós compañeiros cando traten o neno con SA con respecto e amabilidade.
- Facer énfase nas habilidades académicas sobresaíntes do neno con SA, mediante situacións de aprendizaxe colectiva nas cales as súas habilidades de lectura, vocabulario, memoria, etc, sexan consideradas como algo valioso polos seus compañeiros e fomenten a súa aceptación.
- A maioría dos nenos con SA queren ter amigos, pero simplemente non saben como facelo. Debería ensinárselles a reaccionar fronte ás claves sociais, e pódese proporcionar un repertorio de respostas para usar nas distintas situacións sociais. · Ensinar ao neno que dicir e como dicilo.
- Cando mostraron pouco tacto, insultaron ou foron pouco sensibles sen ningunha intención pola súa banda, debe explicárselles porqué a súa resposta foi incorrecta e cal sería a resposta correcta.
- Os estudantes maiores con SA poden resultar beneficiados mediante o uso do "sistema do amigo". O profesor pode educar un compañeiro sensible e sen minusvalía en relación coa situación do neno con SA e sentalos xuntos. Este compañeiro pode coidar ó neno con SA no autobús, durante os recreos, nos corredores, etc., e intentar incluílo nas actividades escolares.
- Os nenos con SA tenden a illarse, polo tanto o profesor debe fomentar a súa participación cos demais promovendo unha socialización activa e limitar o tempo en que estea illado e dedicado aos seus intereses persoais.

3.Gama restrinxida de intereses

Os nenos con SA teñen preocupacións excéntricas ou fixacións estrañas e intensas. Tenden a "dar conferencias" constantemente sobre as súas áreas de interés fan preguntas repetitivas sobre os seus intereses; teñen dificultades en expresar ideas; seguen as súas propias inclinacións sen considerar as demandas externas; e ás veces, néganse a aprender nada que non pertenza ao seu limitado campo de intereses.

Orientacións de Programación

- Non permitir que o neno con SA insista en discutir ou facer preguntas sobre intereses illados.
- Limitar o seu comportamento delimitando un anaco especial cada día para que o neno poida falar do que lle interesa. Algúns nenos con SA poden negarse a realizar tarefas fóra das súas áreas de interese. Hai que transmitirilles o que se espera firmemente deles para que completen o seu traballo. O neno con SA ten que ter moi claro que non é él o que manda e que debe acatar unha serie de regras específicas. Non obstante, hai que facer a concesión de proporcionarlle oportunidades para que desenvolva os seus propios intereses.

4. Escasa concentración

A miúdo, os nenos con SA non se concentran na súa tarefa, distráense con estímulos internos e son moi desorganizados. Tenden a retraerse en mundos interiores e teñen dificultades de aprendizaxe nunha situación de grupo.

Orientacións de Programación

- Para que o neno con SA sexa produtivo en clase, debe proporcionárselle unha exhaustiva regulamentación da estrutura externa. As tarefas deben ser divididas en unidades pequenas, e debe ofrecérselle unha axuda e unha reorientación constante por parte do profesor.
- Os nenos con SA adoitan ser ás veces testáns, necesitan expectativas firmes e un programa estruturado que lles mostre que o cumprimento das regras conduce a un reforzo positivo (este tipo de programa motiva ó neno con SA a ser produtivo e aumenta a súa autoestima baixando o seu nivel de estrés ó sentirse competente).
- Pode que sexa necesario diminuír a carga de deberes a realizar na casa ou engadirlles un tempo extra. Sentar ao neno con SA na primeira fila da clase e facerlle preguntas a miúdo pode axudarlle a manter a atención na lección que se estea impartindo.
- Buscar un signo non verbal (por exemplo, unha palmadiña cariñosa no ombro) para os momentos en que non estea a atender.
- Se empregamos o "sistema do amigo", sentar ó amigo do neno preto del para que este lle poida recordar ao neno con SA que siga coa tarefa ou escoite a lección.

5. Dificultades académicas

Os nenos con SA posúen un nivel de intelixencia medio ou superior á media, pero fáltalles pensamento de alto nivel e habilidades de comprensión. O seu estilo de falar pedante e o seu impresionante vocabulario dá a falsa impresión de que entenden o que están a dicir, cando en realidade poden estar simplemente repetindo de memoria o que oíron ou leron. É frecuente que o neno con SA posúa unha excelente memoria mecánica, é dicir, o neno pode responder como un vídeo que reproduce unha secuencia establecida. As súas habilidades para resolver problemas son escasas.

Orientacións de Programación

- Non dar por suposto que o neno con SA entendeu algo, simplemente porque é capaz de repetir como un loro o que oíu.
- Ofrecer explicacións adicionais e tratar de simplificar os conceptos máis abstractos das leccións.
- Emprego de apoios visuais en calquera proceso de ensino. As persoas con SA procesan, comprenden e asimilan mellor a información que se lles presenta de xeito visual. Por iso é importante empregar apoios visuais en calquera situación de ensino, aprendizaxe académica ou de habilidades da vida diaria, como listas, pictogramas, horarios, etc, que lles faciliten a comprensión.
- Sacar partido da memoria excepcional destas persoas. Lembrar información sobre feitos é, con frecuencia, o seu punto forte.

6. Dificultades de organización e planificación

A diminuída capacidade para a organización e planificación resulta frecuente en comportamentos moi diversos, tales como a perda do material de traballo, dificultade de terminar as tarefas dentro dun período determinado de tempo, esquecer os deberes...

• Favorecer o uso da axenda para organizar e planificar as tarefas, pero esta deberá ter unha estrutura visual na que se distingan os seguintes apartados:

- a) Materia
- b) Que hai que facer?
- c) Cando hai que entregalo?
- d) Está feito.

• Uso da axenda: O profesorado fomentará o uso da axenda xa que pode cumprir tanto o obxectivo de axudar ao alumno a levar ao día as súas tarefas coma o de servir de canle de comunicación coa familia. É necesaria a **supervisión** tanto do profesor coma dos pais para que o alumno aprenda a usar a axenda. O profesor dedicará un tempo cada día para que o alumno anote as tarefas na axenda.

É importante que o alumno e os pais teñan acceso ás datas de exames con suficiente antelación, o contido que se debe preparar, as datas previstas para a entrega de traballos, os libros que deben ler, etc. para planificar os tempos de estudo e a supervisión familiar. Asegurarse de que levan a casa o material necesario para realizar as tarefas. A axenda pódese converter nun espazo idóneo para reforzar e eloxiar o bo comportamento do neno, evitando o seu uso como intercambio de críticas e aspectos negativos da conduta ou o rendemento do neno. Cando haxa que comunicar aos pais aspectos negativos da conduta ou do rendemento é preferible escribir: "necesito falar con vostedes" ou "solicitar cita", en vez de escribir "hoxe tampouco fixo os deberes". Ter en conta que a axenda é do alumno e ten acceso a todo o que se escribe por ambas as dúas partes.

7. Dificultades para entender conceptos abstractos

Adoitan ser moi literais e a súa capacidade de abstracción é pobre.

Orientacións de programación

- Ser tan concreto como sexa posible na presentación de novos conceptos e do material abstracto.
- Empregar aprendizaxe baseada na práctica no posible con exemplos.
- Empregar organizadores gráficos tales como resumos, esquemas, mapas, apoio visual.
- Separar as tarefas en pasos máis pequenos ou presentárllelas doutro xeito.
- Poñer exemplos do que requerimos.
- Empregar estratexias (subliñados etc) para axudar ao estudante a tomar notas e a organizar e categorizar a información.
- Evitar a sobrecarga verbal e longas explicacións.

8. Baixa tolerancia á frustración

As persoas con SA, durante a etapa escolar, adoitan mostrar baixos niveis de tolerancia á frustración e isto, unido ás actitudes perfeccionistas, pode levar enfados e condutas disruptivas cando non conseguen o resultado adecuado nunha tarefa.

Orientacións de programación

- Para evitar estas situacións e favorecer a motivación cara á aprendizaxe é fundamental ofrecer todas as axudas necesarias para garantir o éxito na tarefa e ir esvaecendo pouco a pouco as axudas ofrecidas.
- Para aumentar a súa motivación debemos animalo nos seus éxitos e se é preciso utilizar recompensas relacionadas cos seus intereses específicos. Os nenos con SA poden pasar, de motivación nula en temas novos ou que esixen interpretación de sentimentos e emocións ou que simplemente non lle interesan, a ter unha motivación obsesiva polos seus temas preferidos.

9.Vulnerabilidade

emocional

Os nenos con Síndrome de Asperger son o suficientemente intelixentes como para competir nun sistema educativo normal, pero a miúdo non posúen os recursos emocionais suficientes como para responder ás demandas da clase. Debido á súa falta de flexibilidade, estes nenos estrésanse con facilidade. A súa autoestima é baixa, e a miúdo son moi autocríticos e non son capaces de permitirse erros. As persoas con SA, especialmente os adolescentes, poden ser propensos á depresión. As reaccións de rabia e os estalidos de cólera adoitan ser respostas frecuentes ao seu estrés/frustración.

Os nenos con SA non adoitan estar relaxados e atópanse doadamente superados cando as cousas non son como deberían de ser, segundo o seu punto de vista rixido. Interaccionar con outra xente e responder ás demandas ordinarias da vida cotiá pode ser para eles un esforzo continuo e hercúleo.

Orientacións de Programación

- Previr os estalidos ofrecéndolles un alto nivel de coherencia. Preparar estes nenos fronte aos cambios que se produzan na rutina diaria, para minorar o estrés (ver a sección de "Resistencia ao cambio"). Os nenos con SA a miúdo teñen medo, enfádanse ou entristécense fronte a cambios forzados ou inesperados.
- Axudar aos nenos a manexarse cando se sintan superados polo estrés para previr estalidos. Axudar ao neno escribíndolle unha lista de pasos moi concretos que ten que dar cando se perturba (por exemplo, 1- Respirar profundamente tres veces; 2- Contar tres veces os dedos da súa man dereita; 3- Dicar que queren ver o profesor de educación especial, etc). Anotar estes pasos nunha tarxeta, para que o neno a introduza no seu peto e a teña sempre a man.
- Permitir que o neno pasee, xa que o permanecer sentado por períodos de tempo longos pode resultarlles moi difícil (unha camiñada de 2 minutos pode axudar moito).

10.Sensibilidades sensoriais

A maioría das sensibilidades comúns implican o son e o tacto, pero poden tamén incluír gusto, intensidade de luz, cores e aromas.

Os tipos de ruídos que se poidan percibir como extremadamente intenso son:

- Ruídos repentinos, inesperados tales como un teléfono que soa, alarma de incendio.
- Ruído continuo agudo.
- Sons de confusión, complexos ou múltiples por ex. en centros comerciais, o recreo...

Orientacións de programación

- Asegurarse de que os niveis normais de estimulación visual ou auditiva non sexan percibidos polo

estudante como escasos ou excesivos.

- Manter o nivel de estimulación conforme á capacidade de procesamento do estudante.
- Procurar evitar certos ruídos.
- Deixar ao alumno escoitar música de fondo que poida camuflar os ruídos, ou axudarlle a atopar un recanto reservado o que poida recorrer para estar só.
- Minimizar o ruído de fondo.
- Usar tapóns para os oídos en casos extremos.
- Ensinar e modelar estratexias de relaxación para reducir a ansiedade.

SUXERENCIAS E ORIENTACIÓNS PARA CUESTIÓNS CONCRETAS

CONSELLOS PARA OS COMPAÑEIROS DE CLASE DO NENO CON SA

- Necesitan que se lles recoñeza con frecuencia o que fan ben mais que non se lles reproche o que fan mal. Hai que ser positivos con eles. Deben falarlles con sinceridade pero dicíndolles o que deben facer máis que o que non deben e menos en ton de enfado.
- Cando nun traballo de equipo queredes que realice algo, debes indicarllo a él e aseguravos que comprende o que ten que realizar. Evitade poñervos nun plano de superioridade con el.
- Non se lles debe esixir máis do que eles poden facer. Respecta o seu espazo e non o sufoques.
- Cando queremos que xogue connosco ou que realicen algunha actividade, hai que explicarlles moi ben o xogo ou a actividade e mesmo todo o que poida vir despois. Cústalle traballo aceptar os imprevistos e as sorpresas, por iso débesele explicar todo minuciosamente e as súas consecuencias futuras aínda que vos pareza ridículo. Necesitan saber e asegurar o futuro. Se proxectades facer algún cambio nos vosos xogos ou traballos avisádeo antes.
- Aínda que pensedes que hai normas que se coñecen por lóxica, non as deades coñecidas por el, explicádellelas con detalle aínda que vos pareza ridículo. Ex. "Non" podes meter "goles na túa portería"
- Cando esteamos en grupo e queremos que el comprenda ou faga algo, non debemos falar a todo o grupo á vez. Hai que dirixirse especialmente a él.
- Comprende moi ben a linguaxe gráfica, debuxos...etc. Por iso é mellor explicarlles as cousas con debuxos ou gráficos. Se queremos que realice un traballo de equipo connosco explicámosllo con esquemas ou debuxo ademais de verbalmente.
- Hai que evitar confundilos con varias frases contraditorias ou distintas. Debe saber moi claro o que se espera dél.
- É importante explicalos vosos sentimentos ou emocións cando lle falades porque non os percibe. Aos nenos Asperger cústalles moito traballo recoñecer os sentimentos doutros e expresar os propios.
- Entenden as frases como se lles di. Ex: Se lle din en broma que ten cara de ave,son capaces de crelo,non entenden as intencións dos demais se non se lles explica. Por iso cando aconteza algo por accidente ou por broma con algún compañeiro deberíaselle explicar.

ORIENTACIÓNS DE AVALIACIÓN

A. Debemos ensinar o neno con SA a realizar exitosamente as probas, isto é, motivalo para logros maiores e ser cada vez máis autónomo.

B. Dado o baixo nivel de concentración que pode ter o alumno naquelo que non o motiva, máis vale non facer as probas ou exames moi longos, senón dosificados; o obxectivo é o mesmo pero máis dixerible.

C. Non debe darse nunca por suposto que o alumno entende o que está a ler ou o que se pide que faga; é obriga do profesor asegurarse de que o neno ou nena o entendeu antes de facer a proba. Non se trata dun concurso nin dunhas oposicións, senón de comprobar os coñecementos, habilidades ou estratexias que o neno ou nena efectivamente logrou aprender coa nosa axuda.

D. O alumno con SA responde mellor ao que xa coñece, mentres que teme o imprevisto, polas razóns neurolóxicas aludidas (rixidez ou inflexibilidade mental). Non ten sentido intentar sorprendelo

con probas sen aviso, que disparan o seu nivel de ansiedade, ou o bloquean directamente, nin con modelos de exame que non se traballaron previamente.

E. En cada materia ou área curricular, o profesorado terá en conta que obxectivos está a avaliar en cada momento, partindo sempre dos contidos mínimos e subindo ata amplialos. Os alumnos con SA responden mellor a probas:

- . Tipo test (Verdadeiro / Falso, elixir unha opción entre A, B, C...).
- . Aquelas en que hai un apoio visual.
- . Aquelas en que hai que subliñar ou rodear unha opción ou palabra(s).
- . Unir con frechas pregunta - resposta...

Dada a súa dificultade para entender instrucións complexas que se suceden no tempo, hai que darlles as instrucións moi claras, con frases curtas, familiares, e ir paso a paso, descompoñendo "o problema" ou a cuestión a resolver.

13.- Concreción dos elementos transversais que se traballarán:

La educación en valores se puede definir como un proceso de desenvolvemento y construción personal. A través del Plan de Convivencia trataremos de educar en la capacidade de diálogo del alumnado, en su autonomía, en su racionalidad con el objetivo de construír principios y normas

que actúen sobre su conocimiento y su conducta.

Partimos do convencemento de que os temas transversais ou valores deben impregnar a actividade docente e estar presentes na aula de forma permanente, xa que se refiren a problemas e preocupacións fundamentais da sociedade. A estes temas transversais engadimos dúas dimensións: a educación multicultural e a educación para Europa. A maneira na que se entenden todos eles queda reflectida nos obxectivos especificados a continuación:

- Educación para a convivencia:

Persegue e concreta unha parte importante dos obxectivos de educación moral e cívica presentes en todo o currículo. Pretende educar para a convivencia no pluralismo mediante un esforzo formativo en dúas direccións:

- O respecto á autonomía dos demais.
- O diálogo como forma de solucionar as diferenzas.

- Educación para a saúde:

Parte dun concepto integral da saúde como benestar físico e mental, individual, social e medioambiental. Plantexa dous tipos de obxectivos:

- Adquirir un coñecemento progresivo do corpo, das principais anomalías e enfermidades, e do modo de prevenilas ou curalas.
- Desenvolvemento de hábitos de saúde: hixiene corporal e mental, alimentación correcta, prevención de accidentes, relación non medosa co persoal sanitario, etc.

- Educación para a paz:

Non pode dissociarse da educación para a comprensión internacional, a tolerancia, o desarme, a non violencia, o desenvolvemento e a cooperación entre os pobos. Persegue estes obxectivos prácticos:

- Educar para a acción. As leccións de paz, a evocación de figuras e o coñecemento de organismos comprometidos coa paz deben xerar estados de conciencia e condutas prácticas.
- Entrenarse para a solución dialogada de conflitos no ámbito escolar.

- Educación do consumidor:

Plantexa entre outros estes obxectivos:

- Adquirir esquemas de decisión que consideren tódalas alternativas e os efectos individuais, sociais, económicos e medioambientais.
- Desenvolgar un coñecemento dos mecanismos do mercado así como dos dereitos do consumidor e as formas de facelos efectivos.
- Crear unha conciencia de consumidor responsable que se sitúa críticamente ante o consumismo e a publicidade.

- Educación non sexista:

A educación para a igualdade plantéxase expresamente pola necesidade de crear desde a escola unha dinámica correctora das discriminacións. Entre os seus obxectivos están:

- Desenvolgar a autoestima e unha concepción do corpo como expresión da personalidade.
- Analizar críticamente a realidade e corrixir prexuízos sexistas e as súas manifestacións na linguaxe, publicidade, xogos, profesións, etc.
- Adquirir habilidades e recursos para realizar calquera tipo de tarefas, domésticas ou non.
- Consolidar hábitos non discriminatorios.

- Educación ambiental:

Entre os seus obxectivos encóntranse os seguintes:

- Adquirir experiencias e coñecementos suficientes para ter unha comprensión dos principais problemas ambientais.
- Desenvolgar conciencia de responsabilidade respecto do medio ambiente global.
- Desenvolgar capacidades e técnicas de relacionarse co medio sen contribuír ó seu deterioro, así como hábitos individuais de protección do medio.

- Educación sexual:

Plantéxase como esixencia natural da formación integral da persoa. Os seus obxectivos fundamentais son os seguintes:

- Adquirir información suficiente e cientificamente sólida acerca destes aspectos: anatomía e fisioloxía de ambos sexos, maduración sexual, reprodución humana, reprodución asistida, prevención de embarazos, enfermidades venéreas e de transmisión sexual, manifestacións diversas da sexualidade, etc.
- Consolidar unha serie de actitudes básicas: naturalidade no tratamento de temas relacionados coa sexualidade, criterios de prioridade en casos de conflito entre exercicio da sexualidade e risco sanitario, hábitos de hixiene, relación espontánea e confiada con urólogos e xinecólogos, respecto ás diferentes manifestacións da sexualidade, autodominio en función de criterios e conviccións.
- Elaborar criterios para xuízos morais sobre os delitos sexuais, a prostitución, a utilización do sexo na publicidade, a pornografía, a reprodución asistida, etc.

- Educación vial:

Propón dous obxectivos fundamentais:

- Sensibilizar ós alumnos e alumnas sobre os accidentes e outros problemas de circulación.
- Adquirir conductas e hábitos de seguridade vial como peatóns e usuarios de vehículos.

- Educación para Europa:

Os seus obxectivos principais son:

- Adquirir unha cultura de referencia europea en xeografía, historia, linguas, institucións, etc.
- Desenvolgar a conciencia de identidade europea e a aceptación progresiva da cidadanía europea polos seus valores, dereitos e obrigas.
- Preparar para a cooperación cívica, tecnolóxica e profesional entre os europeos.

- Educación multicultural:

A educación multicultural – ou intercultural- vén esixida pola crecente intercomunicación das culturas e fanna máis urxentes os brotes de racismo e xenofobia observados ante a crecente presenza entre nós de inmigrantes racial e culturalmente diferentes. Algúns dos seus obxectivos son os seguintes:

- Despertar o interés por coñecer outras culturas diferentes coas súas crenzas, institucións e técnicas.
- Desenvolar actitudes de respecto e colaboración con grupos culturalmente minoritarios.

14.- Actividades complementarias e extraescolares programadas:

Saídas ao teatro no colexio La Salle de Santiago de Compostela:

- 21 de novembro de 2022: El asesinato del profesor de Matemáticas para 1º e 2º de ESO.
- 3 de febreiro de 2023: El Lazarillo de Tormes para 3º e 4º de ESO.

Posibles saídas a Padrón á Fundación Camilo José Cela, a Vilanova de Arousa á Casa Museo de Valle-Inclán aínda por determinar ou a Coruña á Casa Museo de Emilia Pardo Bazán.

Participación en diversos concursos literarios se é factible.

15.- Mecanismos de revisión, avaliación e modificación da programación didáctica en relación cos resultados académicos e procesos de mellora:

Nas reunións de departamento procurárase:

- Identificar todos os aspectos da programación desenvolvidos durante o curso académico.
- Localizar os aspectos da programación que tiveron problemas para ser levados a cabo e propoñer solucións.
- Realizar os cambios que sexan necesarios para mellorar a programación
- Definir unha autoavaliación da función docente do profesorado que imparte as materias deste departamento.
- Realizar análises detalladas como a seguinte:

ADECUACIÓN DE LA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA		RESULTADOS ACADÉMICOS	PROPUESTAS DE MEJORA
Preparación de la clase y los materiales didácticos.	Hay coherencia entre lo programado y el desarrollo de las clases.		
	Existe una distribución temporal equilibrada.		
	Se adecua el desarrollo de la clase con las características del grupo.		
Utilización de una metodología adecuada.	Se han tenido en cuenta aprendizajes significativos.		
	Se considera la interdisciplinariedad (en actividades, tratamiento de los contenidos, etc.).		
	La metodología fomenta la motivación y el desarrollo de las capacidades del alumno/a.		
	La metodología incluye el trabajo de		

	competencias e inteligencias múltiples.		
Regularización de la práctica docente.	Grado de seguimiento de los alumnos.		
	Validez de los recursos utilizados en clase para los aprendizajes.		
	Los criterios de promoción están consensuados entre los profesores.		
Evaluación de los aprendizajes e información que de ellos se da a los alumnos y a las familias.	Los estándares de aprendizaje evaluables se encuentran vinculados a las competencias, contenidos y criterios de evaluación.		
	Los instrumentos de evaluación permiten registrar numerosas variables del aprendizaje.		
	Los criterios de calificación están ajustados a la tipología de actividades planificadas.		
	Los criterios de evaluación y los criterios de calificación se han dado a conocer: - a los alumnos - a las familias		
Utilización de medidas para la atención a la diversidad.	Se adoptan medidas con antelación para conocer las dificultades de aprendizaje.		
	Se ha ofrecido respuesta a las diferentes capacidades y ritmos de aprendizaje.		
	Las medidas y recursos ofrecidos han sido suficientes.		
	Se aplican medidas extraordinarias recomendadas por el equipo docente atendiendo a los informes psicopedagógicos.		